

IES Val do Tea

Departamento de Artes Plásticas

Programación didáctica– Curso 2021-2022

Índice

Introdución.....	4
Contextualización.....	5
Alumnado por niveis e materias	
Educación plástica, visual e audiovisual.....	7
Educación plástica, visual e audiovisual – 1º de ESO.....	12
Educación plástica, visual e audiovisual – 3º de ESO.....	29
Educación plástica, visual e audiovisual – 4º de ESO.....	45
Debuxo artístico I - 1º de Bacharelato - Modalidade de Artes.....	60
Cultura audiovisual I - 1º de Bacharelato - Modalidade de Artes.....	69
Fundamentos da Arte I - 1º de Bacharelato - Modalidade de Artes.....	83
Volume - 1º de Bacharelato - Modalidade de Artes.....	114
Debuxo técnico I - 1º de Bacharelato - Modalidade de Ciencias.....	127
Debuxo artístico II - 2º de Bacharelato - Modalidade de Artes.....	141
Cultura audiovisual II - 2º de Bacharelato - Modalidade de Artes.....	152
Fundamentos da Arte II - 2º de Bacharelato - Modalidade de Artes.....	169
Deseño - 2º de Bacharelato - Modalidade de Artes.....	213
Debuxo técnico II - 2º de Bacharelato - Modalidade de Ciencias.....	228
Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19	241
Materiais e recursos didácticos.....	244
Espazos e materiais	
Recursos didácticos	
Acreditación de coñecementos para determinadas materias de bacharelato.....	251
Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	252
Táboas para recollida da información.....	255
Medidas de atención á diversidade.....	259

<u>Actividades complementarias e extraescolares.....</u>	<u>261</u>
<u>Plan lector.....</u>	<u>262</u>
<u>Grupos por materias, niveis e horas lectivas do departamento.....</u>	<u>270</u>
<u>Membros do departamento e distribución de horas lectivas.....</u>	<u>271</u>

Introdución

Este Proxecto Didáctico redáctase coa intención de que os alumnos e profesores do Departamento de Debuxo do IES Val do Tea dispoñan dun documento de traballo suficientemente claro, ordenado e detallado, así como unha referencia común para desenvolver os labores de clase e a aprendizaxe dos contidos propios da área de Educación plástica, visual e audiovisual na ESO e das materias propias do Bacharelato nas modalidades de Artes e de Ciencias.

Este documento é una ferramenta de traballo que define o marco do noso traballo, é una guía que pode, debe e ten que ser modificada en función das situacións coas que se atope ao longo do presente curso. Sempre dentro do marco legislativo vixente, a programación didáctica poderá sufrir modificacións previo acordo dos membros do departamento.

O documento foi elaborado adaptado á Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa. Neste curso escolar o departamento está formado por o xefe do curso anterior, unha profesora definitiva que se incorpora este no e un profesor interino, que comparte horario cunha materia afín. Incorpórase como nova materia a de debuxo artístico de 2º de bacharelato.

Para a elaboración desta programación tivéronse en conta a lexislación vixente, as recomendacións da inspección educativa, as directrices acordadas na Comisión de coordinación pedagóxica do centro, as directrices actuais da CIUG e as experiencias dos cursos anteriores.

A programación didáctica que se presenta neste documento terase que adecuar ás circunstancias do departamento. Dous profesores do departamento somos definitivos e o terceiro membro é interino.

Tamén foron tidas en conta as posibilidades e aproveitamento dos recursos humanos: profesorado dispoñible, número de alumnos por aula, capacidade e actitudes previsibles dos alumnos, etc. E tamén as posibilidades e aproveitamento dos recursos materiais: aulas, mobiliario, material e ferramentas específicas, medios audiovisuais e das TIC, material didáctico, etc. e o orzamento do departamento, cun conxunto de materias que precisan de moito material específico.

Contextualización

Ponteareas é un Concello, capital de comarca, do sur de Pontevedra, a 25 km de Vigo, con preto de 23.000 habitantes. As parroquias, semi-rurais, en xeral dependen economicamente do campo, da industria local e próxima, e do pequeno comercio na vila. Moitas destas parroquias contan con centros culturais e zonas deportivas apropiados para conmemoracións ou o desenvolvemento de actividades de información e promoción. O IES Val do Tea está situado na zona urbana da vila.

Neste centro impártense ensinanzas de ESO, Bacharelato (todas as modalidades) e ESA, e acolle, ademais, unha extensión da EOI de Vigo. En total estudan no centro 543 alumnos e alumnas nas seguintes ensinanzas: cursan na ESO 307alumnos/as, cursan bacharelato 173 alumnos/as, e cursan ESA 63alumnos/as. Por outra banda, o persoal docente está constituído por un total de 50 docentes, 1 orientadora, 1 responsable de pedagogía terapéutica; no tocante ao persoal non docente, este componse de 2 administrativos/as, 3 conserxes e 3 profesionais de limpeza. Ademais, conta con servizo propio de cafetería.

O clima de convivencia no centro é, en xeral, positivo. As relacións de convivencia entre o profesorado son boas. A conflitividade e a violencia entre o alumnado non é especialmente destacable. Neste marco, tanto o profesorado como o alumnado móstrase, en termos xerais, receptivo ás iniciativas e actividades a prol da mellora da convivencia e da igualdade.

Ponteareas ten unha gran tradición artística, especialmente no eido musical e plástico. Este e o terceiro ano de implantación no centro do Bacharelato de Artes, opción que ven tendo moi boa acollida e que completa a oferta educativa nesa etapa.

Dadas as características maioritarias do alumnado do IES Val do Tea, (entorno, nivel de estudos dos pais e nais, ocupación dos mesmos, etc) recollidas no PEC, a programación deberá ter en conta as seguintes consideracións:

Na ESO deberá darse prioridade, na programación da aula e na avaliación, a aspectos como:

- Espertar o interese e a curiosidade por todo o relacionado coa creación sexa do tipo que sexa mediante a aportación constante de exemplos e propostas de tarefas e actividades relacionadas con aspectos da vida cotiá e da actualidade.
- Promover actividades que fomenten a adquisición de hábitos de traballo, de indagación crítica, de buscas e análises de información e de cooperación cos compañeiros/as e o entorno.
- Favorecer o razoamento e a comprensión, en lugar da memorización, dos conceptos relacionados coa lectura de imaxes.
- Valorar o uso axeitado a cada circunstancia do tipo de linguaxe máis indicada en cada caso (expresión oral e escrita, utilización de símbolos, fotografías, formas tridimensionais, imaxes en movemento, debuxos, etc.).

En Bacharelato:

- Deberá proseguirse o labor de relacionar a materia estudada cos avances tecnolóxicos e científicos.
- Valorar a importancia do debuxo técnico para a evolución tecnolóxica da sociedade.
- Ter en conta as orientacións da CIUG.
- Desenvolver a capacidade creativa para expresarse correctamente coa linguaxe visual gráficoplástica.
- Comprender as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes, así como coas novas tecnoloxías, adaptándoas ás súas posibilidades e necesidades expresivas.
- Representar correctamente formas, aplicando diferentes métodos descritivos.
- Planificar conxuntamente diferentes procesos de realización de obras, adoptando actitudes positivas e desterrando todo signo de intolerancia ou discriminación.
- Valorar e apreciar as producións dos demais aínda que difiran dos gustos propios, educando a sensibilidade.
- Aumentar os recursos expresivos para encontrar mellores e axeitadas solucións plásticas, apreciando as posibilidades que ofrece a investigación dos procedementos e técnicas.
- Recoñecer que o feito artístico tamén se atopa no contorno e non só nos museos.
- Valorar e apreciar o material, propio e da aula, manténdoo en perfecto estado de uso e conservación.

Alumnado por niveis e materias

Nivel e materia	Grupo	Alumnos
1º ESO -Educación plástica, visual e audiovisual	A	24
	B	22
	C	21
3º ESO -Educación plástica, visual e audiovisual	A	17
	B	24
	C	16
	P	4
4º ESO -Educación plástica, visual e audiovisual	A	3
	B	11
	C	11
1º Bacharelato - Cultura audiovisual I	D	28
1º Bacharelato - Fundamentos da Arte I	D	28
1º Bacharelato - Debuxo artístico I	D	27
1º Bacharelato - Volume	D	27
1º Bacharelato – Debuxo técnico I	A	12
2º Bacharelato - Cultura audiovisual II	D	19
2º Bacharelato - Fundamentos da Arte II	D	19
2º Bacharelato - Debuxo artístico II	D	10
2º Bacharelato - Deseño	D	19
2º Bacharelato – Debuxo técnico II	A	6
Alumnos con materias pendentas		
De 2º de ESO con EPVA de 1º de ESO	A	1
	B	1
	P	1
De 2º de Bacharelato con Debuxo Técnico I	A	1
De 2º de Bacharelato con Fundamentos da Arte I	C	1
De 2º de Bacharelato con Cultura Audiovisual I	C	1
Total		354 alumnos

Educación plástica, visual e audiovisual

Introdución

O punto de referencia da área de Educación plástica e visual atópase no mundo cotiá das imaxes no que vive o alumnado. A relación dos alumnos coa súa contorna na actualidade, no que a experiencia visual e as múltiples imaxes transmitidas polos medios, forman parte da súa vida cotiá, condiciona a orientación da materia que conforma esta área. Os alumnos, co uso das novas tecnoloxías dos teléfonos móbiles e tabletas, son creadores habituais de imaxes, de mensaxes gráficas e de mensaxes audiovisuais. Compre dotalos das habilidades para empregar de forma axeitada estas ferramentas. O ensino das materias que forman esta área fundaméntase en tres preceptos básicos: *saber ver, saber facer e saber ser*.

O primeiro concepto, *saber ver*, fai referencia á necesidade de educar a percepción do alumnado. Este non se pode limitar a ser un espectador pasivo da realidade que lle circunda, non debe limitarse a recoller información visual exterior dun xeito irreflexivo, recibindo unicamente impresións subxectivas, emocións e sensacións sen examinar de xeito cualitativo dita información. Ensinando ao alumnado a saber ver, este non só dará unha resposta ao estímulo emocional das imaxes, senón que tamén será capaz de analizarlas obxectivamente, exercendo a súa capacidade intelectual e crítica máis alá do seu gusto persoal. Polo tanto, terá que ser capaz de avaliar a información visual en termos máis obxectivos, chegando a conclusións persoais positivas ou negativas, segundo teña establecida a súa escala de valores. Escala que é preciso que asuma dun xeito responsable e útil.

Temos que ter en conta que o mundo no que se desenvolven o noso alumnado é un mundo no que a información visual é capital, e non podemos deixar que ao rematar a etapa non teña un coñecemento básico desa linguaxe visual, plástica e audiovisual. Compre que aprenda as leis, normas, regras, etc., que configuran a "sintaxe visual" que cada día forma parte da súa existencia. É preciso aclarar tamén neste punto que o coñecemento desas regras e códigos visuais non busca crear analistas de imaxes; a finalidade será contribuir a súa formación estética, cultivando a súa sensibilidade para que poda disfrutar do entorno visual e por suposto dos chamados feitos artísticos.

Este estudo das mensaxes visuais, é imprescindible facelo tanto dende o punto de vista do observador (receptor) como do creador (emisor). Dende o punto de vista do emisor sae o segundo concepto no que se fundamenta esta área: *saber facer*.

Non se trata, por suposto, de facer artistas (nin é o obxectivo nin hai horas lectivas para logralo), senón que temos que ir á procura de que os alumnos sexan capaces de manifestarse con imaxinación e tamén desenvolvan unha actitude creativa e aberta dentro do mundo visual e plástico. Trátase de que o alumno sexa capaz de realizar tanto representacións obxectivas como aquelas que requiran un maior grado de subxectividade. Para que o alumno obteña esta competencia expresiva, compre darlle os coñecementos imprescindibles, non só conceptuais, senón tamén aqueles que lle permitan expresar, sen grandes trabas, todo o seu potencial creativo. Eses coñecementos de procedemento específicos —que condicionan as ideas antes expostas— estarían noutro nivel que abrangue o dominio dos materiais e técnicas precisos para desenvolver as creacións plásticas. Escollendo técnicas sinxelas e prácticas que permitan o desenvolvemento das destrezas, se poden cubrir as posibilidades de expresión e comunicación que o alumno a este nivel educativo poda demandar.

Por último, e non por elo menos importantes, están os aspectos de sensibilidade, respecto, actitude aberta, tolerancia, etc. que integrados dentro do mundo visual e plástico, deben ser asimilados polos alumnos como unha parte máis da súa formación como persoas que viven en sociedade. Este é o terceiro precepto da educación o *saber ser*.

Tendo en conta que a materia de Educación plástica, visual e audiovisual só ten dúas sesións semanais en 1º de ESO, non existe a materia en 2º de ESO e en 3º de ESO son tamén só dúas sesións, rematando nese nivel a formación obrigatoria, non é doado acadar unha gran competencia, chamémoslle "artística", no nosos alumnado. Tampouco contamos con agrupamentos específicos nin temos diversificada a nosa materia. O pouco interese que ten a administración pola educación artística do alumnado dá como resultado que moitos adultos deste país carecen dunha mínima competencia gráfico-plástica.

Obxectivos xerais da Educación Plástica, Visual e Audiovisual na educación secundaria.

A educación plástica, visual e audiovisual contribuirá, segundo define a lexislación actual, a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Contribución da Educación Plástica, Visual e Audiovisual ao desenvolvemento das competencias clave.

A materia de Educación plástica, visual e audiovisual, polo seu carácter teórico-práctico e integrador, permite o desenvolvemento de todas as competencias clave.

Conciencia e expresións culturais. O desenvolvemento desta competencia está directamente relacionado coa materia de Educación plástica visual e audiovisual xa que integra actividades e procesos creativos que permiten afondar nos aspectos estéticos e culturais do panorama artístico actual, favorecéndose, deste xeito, a sensibilidade artística e a alfabetización estética. A través da identificación e experimentación cos elementos expresivos de diversos materiais, soportes, ferramentas e técnicas de expresión, o alumnado poderá tomar conciencia das súas propias necesidades creativas e artísticas, favorecendo a creación dunha linguaxe persoal e desenvolvendo a capacidade de analizar e comprender a importancia da actividade artística, en todas as súas formas, como medio comunicativo e expresivo.

Comunicación lingüística. Será desenvolvida durante todo o curso a través dos bloques de contidos, xa que os alumnos terán que comprender a través de apuntamentos e explicar os coñecementos adquiridos, tanto de xeito oral coma escrita, ao mesmo tempo que aprenden a usar un amplo vocabulario específico da materia.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A adquisición da competencia matemática prodúcese a través da aplicación do razoamento matemático e do pensamento lóxico e espacial, para explicar e describir a realidade a través da linguaxe simbólica, así coma afondamento no coñecemento de aspectos espaciais da realidade coa xeometría e a representación obxectiva das formas. Coa utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación e o descubrimento e a reflexión posterior, potenciando o pensamento crítico, contribuírase á adquisición das competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía, desenvolvendo tamén destrezas que permiten empregar e manipular diferentes ferramentas tecnolóxicas.

Competencia dixital. Desenvolverase a través do uso das Tecnoloxías da información e da comunicación, como medio de procura e selección de información, utilizándoa de xeito crítico e reflexivo, así coma a súa transmisión en diferentes soportes para a realización de proxectos. Tamén proporciona

destrezas no uso de aplicacións ou programas informáticos para a creación ou manipulación de imaxes e documentos audiovisuais, amosándolles un panorama creativo máis cotiá e actual.

Aprender a aprender. Potenciarase a través da investigación, experimentación e aplicación práctica dos contidos por parte do alumnado, integrando unha pescuda persoal das súas propias formas de expresión no proceso creativo, participando de xeito autónomo na resolución de problemas e organizando a súa propia aprendizaxe a través da xestión do tempo e a información. O alumnado desenvolverá a capacidade de superar os obstáculos coa fin de culminar a aprendizaxe con éxito, fomentando a motivación, a confianza nun mesmo, e aplicando o aprendido a diversos contextos.

Competencias sociais e cívicas. A través do traballo en equipo fomentaranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e favorecerase a adquisición de habilidades sociais. O traballo con ferramentas propias da linguaxe visual proporciona experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas ante un mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas. Os alumnos elaboran e expoñen os seus propios proxectos enfocados á resolución dun problema, de xeito que deben desenvolver a súa capacidade de comunicarse construtivamente e con respecto, expresando e comprendendo puntos de vista diferentes.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Un proxecto creativo require planificar, xestionar e tomar decisións; por iso os contidos da materia promoven a iniciativa, a innovación, a autonomía e a independencia, como factores que contribúen á aprendizaxe eficaz e ao desenvolvemento persoal do alumnado. Igualmente, foméntase a habilidade para traballar tanto individualmente como de xeito colaborativo e asumir responsabilidades; potenciando a capacidade de pensar de xeito creativo, o pensamento crítico e o sentido da responsabilidade.

Educación plástica, visual e audiovisual – 1º de ESO

Obxectivos específicos desta materia e nivel :

- Observar, percibir, comprender e interpretar de xeito crítico as imaxes e sons do contorno natural e cultural, sendo sensible ás súas cualidades plásticas, estéticas e funcionais.
- Aprezar os valores culturais e estéticos, identificando, interpretando e valorando os contidos; enténdelos como parte da diversidade cultural, contribuíndo ao seu respecto, conservación e mellora.
- Comprender as relacións da linguaxe plástica, visual e audiovisual con outras linguaxes e elixir a fórmula expresiva máis axeitada en función das necesidades de comunicación.
- Analizar e entender as mensaxes visuais e audiovisuais que de xeito constante invaden o noso entorno máis próximo.
- Expresarse con creatividade, mediante as ferramentas da linguaxe plástica, visual e audiovisual, e saber relacionalas con outros ámbitos do coñecemento.
- Utilizar a linguaxe plástica para representar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
- Utilizar as diversas técnicas plásticas, visuais e audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación para aplicarlas nas propias creacións.
- Representar corpos e espazos simples mediante o uso da perspectiva, as proporcións e a representación das cualidades das superficies e o detalle de xeito que sexan eficaces para a comunicación.
- Reflexionar sobre o uso responsable e moderado da rede a valorar o seu potencial como ferramenta de investigación, creación e difusión cun emprego axeitado e planificado.
- Facer uso de hábitos como a observación, atención, precisión e pulcritude, reflexión, análise crítica e revisión nas distintas fases de elaboración dunha obra individual ou colectiva.
- Relacionarse con outras persoas participando en actividades de grupo con flexibilidade e responsabilidade, favorecendo o diálogo, a colaboración e a comunicación.

Nas táboas que se presentan nas seguintes páxinas se especifican para esta materia e nivel:

Obxectivos por estándares

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Competencias clave que abrangue cada estándar

Didáctica

Metodolóxica

Secuenciación

Temporalización

Criterios de avaliación

Procedemento de avaliación

Probas extraordinarias

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Secuenciación Temporalización
Bloque 1. Expresión plástica			
b f n	B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano. B1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións.	B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe.	Trimestre 1º Unidade 1 Elementos configuradores da imaxe 12 sesións
b f n	B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual. B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade. B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.	B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.	
a c d n o	B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.	B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.	
a f n	B1.7. Composición: elementos. B1.8. O ritmo na composición.	B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.	Trimestre 1º Unidade 2 A composición e o ritmo visual 4 sesións
a	B1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura subtractiva.	B1.5. Experimentar coas cores primarias e secundarias.	Trimestre 1º

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Secuenciación Temporalización
c d n	B1.10. Círculo cromático. Cores complementarias.		Unidade 3 A cor 6 sesións
a c f o	B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.	B1.6. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de <i>frottage</i> , utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	Trimestre 1º Unidade 4 A textura 4 sesións
b c e f g n	B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.	Todo o curso Técnicas artísticas Unidade transversal técnica que se desenvolve ao longo de todas as unidades. Todo o curso.
Bloque 2. Comunicación audiovisual			
a c d e f	B2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.	B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.	Trimestre 2º Unidade 5 Iconicidade

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Secuenciación Temporalización
			4 sesións
a c f l o	B2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas.	B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.	Trimestre 2º Unidade 6 Comunicación gráfica 4 sesións
c f g i h o	B2.3. O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.	B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.	Trimestre 2º Unidade 7 A banda deseñada 8 sesións
a c e h ñ o	B2.4. Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.	B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.	Trimestre 2º Unidade 8 Funcións da imaxe e do audiovisual 4 sesións
a d e f	B2.5. Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.	B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación.	

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Secuenciación Temporalización
h o			
Bloque 3. Debuxo técnico			
b n o	B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.	B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.	Trimestre 3º Unidade 9 Fundamentos do debuxo técnico. Trazados xeométricos elementais. 9 sesións
b f n o	B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45º.	B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.	
b n o	B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.	B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.	
b f n o	B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.	B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.	
b o	B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas. B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.	B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.	
b f	B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.	B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.	

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Secuenciación Temporalización
o			
bo	B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.	B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.	
bfgo	B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.	B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.	
bo	B3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano.	B3.9. Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	
bfgo	B3.11. Teorema de Tales. Aplicacións do teorema de Tales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.	B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Tales.	
bgfo	B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	B3.11. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.	
bono	B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.	B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.	Trimestre 3º
bfno	B3.14. Construción de triángulos.	B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).	Unidade 10 Triángulos 6 sesións

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Secuenciación Temporalización
o			
b f	B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos.	B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.	
b f	B3.16. Triángulo rectángulo: características e construción dun.	B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicarlas con propiedade á construción destes.	
b n	B3.17. Cuadriláteros: clasificación e propiedades.	B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros.	Trimestre 3º Unidade 11 Cuadriláteros 5 sesións
b f n	B3.18. Construción de cuadriláteros.	B3.17. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.	
b f n	B3.19. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	Trimestre 3º Unidade 12 Polígonos regulares 4 sesións
b f n o	B3.20. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.	B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.	

1º ESO					Estándares de aprendizaxe	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación					
1ª Avaliación						Estándares de aprendizaxe avaliados	Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumentos		
Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identificación Estándar	Competencias clave	Exposición oral				Traballo práctico individual	Caderno de artista	Observación
	B1.1	B1.1.	EPVAB1.1.1	CCEC	Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.	50%	10%	20%	70%		10%
	B1.3	B1.2.	EPVAB1.2.1.	CAA	Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.	50%	40%		60%	20%	20%
	B1.1	B1.1.	EPVAB1.2.2 EPVAB1.2.3.	CSIEE	Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.	80%	20%		70%	10%	20%
				CCEC	Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tumbado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.	50%					
	B2.4.	B2.4.	EPVAB2.4.1.	CSC	Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.	50%	30%		60%	20%	20%
	B2.5	B2.5	EPVAB2.5.1.	CCL	Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.	50%					
			EPVAB2.5.2.	CD	Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.	50%					
	B1.2	B1.2.	EPVAB1.1.1.	CCEC	Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano,	50%					

				analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.						
B1.4	B1.2.	EPVAB1.2.1.	CSIEE	Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.	50%					
B1.12	B1.7	EPVAB1.7.1. EPVAB1.7.2 EPVAB1.7.3 EPVAB1.7.4. EPVAB1.7.5. EPVAB1.7.6. EPVAB1.7.7.	CCL CCEC CAA CSC	<p>Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</p> <p>Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</p> <p>Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compoñendoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.</p> <p>Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</p> <p>Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</p>	80%	Son estándares que se evalúan dentro das porcentaxes de todos os traballos.	25%	25%	25%	25%

1º ESO					Estándares de aprendizaxe	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación					
2ª Avaliación						Estándares de aprendizaxe avaliados	Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumentos		
Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identificación Estándar	Competencias clave	Exposición oral				Traballo práctico individual	Caderno de artista	Observación
	B1.5		EPVAB1.2.2.	CCEC	Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.	50%					
	B1.7 B1.8	B1.4.	EPVAB1.4.1.	CAA	Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	50%	30%		70%	20%	10%
			EPVAB1.4.2	CSIEE	Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	50%					
			EPVAB1.4.3	CCEC CSIEE	Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	50%					
			EPVAB1.4.4	CCL	Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	80%	30%		70%	20%	10%
	B1.6	B1.3.	EPVAB1.3.1.	CCEC	Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).	50%					
	B2.1	B2.1	EPVAB2.1.1.	CCL	Diferencia imaxes figurativas de abstractas.	50%	40%		70%	20%	10%
			EPVAB2.1.2	CCL	Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	50%					

		EPVAB2.1.3.	CCS	Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	50%					
B2.2	B2.2	EPVAB2.2.1.	CCL	Distingue símbolos de iconas.	50%	100% / 50%				
		EPVAB2.2.2	CCL	Deseña símbolos e iconas.	50%					
B1.9	B1.5	EPVAB1.5.1	CSC	Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias.	50%	40%	70%	20%	10%	
B1.10	B1.5	EPVAB1.5.1	CSC	Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias.	50%					
B3.1.	B3.1.	EPVAB3.1.1.	CAA	Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.	100%	20%	80%	10%	10%	
B3.2	B3.2.	EPVAB3.2.1.	CMCCT	Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	100%					
B3.3.	B3.3.	EPVAB3.3.1.	CD	Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás	100%					
B3.4	B3.4.	EPVAB3.4.1.	CMCCT	Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.	100%					
B1.11	B1.6.	EPVAB1.6.1.	CSIEE	Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	50%	40%	50%	40%	10%	
						100% / 50%				
B1.12	B1.7	EPVAB1.7.1	CCL	Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	80%	Son estándares que se evalúan dentro das porcentaxes de cada traballo.	25%	25%	25%	25%
		EPVAB1.7.2	CCEC							
		EPVAB1.7.3	CAA	Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.						
		EPVAB1.7.4.	CSC							
		EPVAB1.7.5		Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes						

			<p>EPVAB1.7.6.</p> <p>EPVAB1.7.7.</p>	<p>formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</p> <p>Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</p> <p>Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.</p> <p>Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</p> <p>Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</p>							
--	--	--	---------------------------------------	--	--	--	--	--	--	--	--

1º ESO					Estándares de aprendizaxe	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación						
3ª Avaliación						Estándares de aprendizaxe avaliados	Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumentos			
Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identificación Estándar	Competencias clave	Exposición oral				Traballo práctico individual	Caderno de artista	Observación	
	B3.5	B3.5	EPVAB3.5.1.	CSIEE	Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón.	50%	Repartirase equitativamente e entre todas as láminas.	80%	Cada lámina terá a súa calificación individual e a nota será a media de todas as notas.	10%	Terase en conta a continuidade do caderno coma diario de artista e a aplicación creativa do contido ó debuxo técnico	10%
	B3.6					50%						
	B3.7	B3.6	EPVAB3.6.1.	CMCCT	Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	50%						
	B3.8	B3.7	EPVAB3.7.1.	CCEC	Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	50%						
	B3.9	B3.8	EPVAB3.8.1.	CMCCT	Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	50%						
	B3.10	B3.9	EPVAB3.9.1.	CMCCT	Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	50%						
	B3.11	B3.10	EPVAB3.10.1. EPVAB3.10.2.	CCEC	Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.	50%						
	B3.12	B3.11	EPVAB3.11.1.	CMCCT	Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisección, circunferencia, esfera, rectas paralelas,	50%						
	B3.13	B3.12	EPVAB3.12.1.	CCEC	Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	50%						
	B3.14	B3.13	EPVAB3.13.1.	CAA	Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres	50%						

				lados, utilizando correctamente as ferramentas.						
B3.15	B3.14	EPVAB3.14.1.	CSIEE	Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.	50%					
B3.16	B3.15	EPVAB3.15.1.	CMCCT	Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	50%					
B3.17	B3.16	EPVAB3.16.1.	CCEC	Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.	50%					
B3.18	B3.17	EPVAB3.17.1.	CAA	Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.	50%					
B3.19	B3.18	EPVAB3.18.1.	CCEC	Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	50%					
B3.20	B3.19	EPVAB3.19.1.	CMCCT	Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	50%					

O proceso para avaliar cada estándar de aprendizaxe mediante os instrumentos de avaliación aplicando as porcentaxes reflectidas nas táboas superiores é moi . Para poder facelo, as preguntas dos exames deberían incluír todos os estándares correspondentes, e o sistema de cualificación destas probas non sería polo tanto nin operativo, nin obxectivo, nin xusto. Non se pode preguntar todo para poder avaliálo todo. Polo tanto debemos entender as distintas cifras de porcentaxes das táboas superiores como unhas referencias que nos serven para darlle distintos pesos específicos aos distintos estándares.

A hora de achar a cualificación do alumnado aplicarase a seguinte ponderación para a materia de Educación Plástica , Visual e Audiovisual I:

- Traballo diario.....50%
- Actitude.....20%
- Probas.....30%

Avaliación 1º de ESO, EPVA	Inicial, continua e final.
Procedemento de avaliación inicial	En que data se realizará?
	Durante as primeiras semanas do curso
	En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc, relacionados cos estándares)
	Debuxo libre con tempo limitado (20 minutos), debuxo de línea contínua sen mirar o papel, debuxo copa/cara e debuxo do revés
	Cales serán as consecuencias dos resultados?
Procedemento avaliación continua	Deteción de dificultades e capacidades e adaptación da materia as mesmas. Non terán cualificación numérica pero si son de entrega obrigatoria
	Con que temporalización se farán probas escritas (cada tema, dous, tres, cantas por trimestre ou avaliación, etc.?)
	As características propias da materia fan que non se requira de probas escritas. Os alumnos realizan os traballos prácticos na aula, polo que poden ser avaliados por observación directa da súa evolución, dificultades etc.
	Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo no caderno, observación. Ponderación, redondeo... Explícaráselle aos alumnos ao comezo de cada traballo cal vai ser o mínimo exisible, os prazos de entrega e as partes do traballo que poden ampliar e cómo. Ao non ter probas escritas, o traballo práctico leva o peso da cualificación pero sempre reservando un mínimo do 10% para a observación diaria, onde se terá en conta a limpeza, puntualidade nas entregas, capacidade resolutive do alumno fronte as dificultades, respecto polo traballo dos compañeiros, etc. O diario ou caderno de artista terá tamén un mínimo do 10% da nota na avaliación. Esta será superior nos traballos que requiran dunha reflexión persoal máis profunda, íntima e individual. Informárase aos alumnos no momento de plantexar o traballo do peso específico do caderno nesa actividade concreta. Para facilitar a avaliación por observación directa os alumnos realizarán todos os traballos na aula. O traballo en casa realizarase de xeito excepcional, consensuado co grupo-clase e baixo condicións moi concretas que se definirán en cada caso.

	<p>Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo...</p> <p>A media faise por ponderación, normalmente, 70% traballo practico, 20% observación directa e 10% diario de artista.</p> <p>Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?</p> <p>Limpeza, puntualidade nas entregas, capacidade resolutive do alumnado fronte ás dificultades, respecto polo traballo alleo, creatividade, orixinalidade, etc.</p> <p>Como se recupera unha proba non superada?</p> <p>Non hai probas escritas. O alumnado que entregue un traballo que non acada os mínimos pode volver a facelo. É máis habitual que o alumnado non supere o mínimo por non entregar un traballo. Neste caso se permitirá entregalo fora de prazo cunha carga na nota do 10%</p> <p>Como se recupera unha avaliación non superada?</p> <p>Entregando de novo os traballos desa avaliación.</p>
Procedemento de avaliación final	<p>Cómo se acada a nota da avaliación final? Media, ponderación redondeo?</p> <p>A nota final será o resultado da media das tres avaliacións previas.</p> <p>No caso de alta discrepancia entre as notas dunha e outra avaliación terase en conta a evolución do alumnado durante o curso. Analizaranse de xeito individual os motivos desta discrepancia. Terase en conta de xeito positivo o esforzo e actitude de superación do alumnado. Terase en conta de xeito negativo o abandono de xeito evidente da materia, ou entregar como seus, traballos feitos por outra persoa.</p>
Recuperación ordinaria xuño	<p>O alumnado será examinado dos estándares de aprendizaxe considerados mínimos esixibles, non superados ao longo do curso</p>
Recuperación extraordinaria xuño	<p>O alumnado será examinado dos estándares de aprendizaxe considerados mínimos esixibles de toda a materia</p>

Educación plástica, visual e audiovisual – 3º de ESO

Obxectivos xerais da educación secundaria

A educación plástica, visual e audiovisual contribuirá, segundo define a lexislación actual, a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
Para o alumnado con materia pendiente de Educación plástica, visual e audiovisual o Departamento programará as actividades para cada trimestre. Ao alumnado se lle entregará un conxunto de exercicios temporalizados e coas datas límite de entrega para cada unha das avaliacións. O Xefe do Departamento estará a súa disposición para explicar e aclarar cantas dúbidas teñan e así poder seguir de xeito máis polo miúdo o proceso de elaboración dos traballos. Se o alumnado así o demandara, o Xefe do departamento realizará no tempo de lecer sesións de reforzo ou axuda para este alumnado.

O alumnado será avaliado segundo os criterios de avaliación e o seu grao mínimo de consecución tal como queda reflectido nas táboas das páxinas da programación. Procederá a cualificar ao alumnado por trimestre a partir dos traballos entregados. Se o alumnado, seguindo este procedemento, fora avaliado positivamente nas dúas primeiras avaliacións non terá que facer o exame final ordinario no mes de abril. Se non entregara os traballos, ou fora avaliado negativamente nalgún dos distintos trimestres e non acadara a nota mínima de 5, terá que facer, de xeito obrigatorio a proba ordinaria de abril. A data de convocatoria para dita proba, así coma as datas límite de entrega serán postas en coñecemento do alumnado durante o primeiro mes de curso. Cada alumno recibirá o conxunto de actividades cun índice de referencia na que constarán as instrucións para facelas, as datas límite de entrega por trimestre e da proba final, asinando un “recibí” conforme.

Debuxo artístico I- 1º de Bacharelato

Modalidade de Artes

Introdución

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria, en bacharelato afondarase nas destrezas e no conceptos do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa. Neste senso atopamos nesta materia alumnado cunha formación moi dispar xa que a súa procedencia é moi variada e o xeito de cursar a materia da ESO varía moito duns centro a outros. Non existe a obrigatoriedade de cursar previamente Educación plástica, visual e audiovisual en 4º de ESO, polo que chega alumnado que só a cursou en 1º e 3º de ESO, e as súas destrezas e coñecementos son insuficientes para bacharelato.

A materia Debuxo Artístico I achega coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Artístico II no seguinte curso. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural. O coñecemento dos antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

Existe un importante número de alumnos que entran no bacharelato artístico como base para estudar posteriormente titulacións de deseño gráfico, asimesmo manifestan moito interese polo *manga* xaponés. Por outra banda hai tamén unha parte importante do alumnado que escolle esta modalidade sen ter moi claro o que quere facer, matricúlanse no bacharelato artístico simplemente porque gústalles debuxar e dáselles mellor que á media. Moito deste tipo de alumnado ten unha visión da modalidade e en concreto desta materia como un taller artístico no que veñen a expresarse e disfrutar do mundo das imaxes. É difícil polo tanto atopar un equilibrio entre o teórico e o técnico, por unha banda; e o expresivo e máis lúdico pola outra.

Obxectivos Debuxo artístico I

Tal como recolle a lexislación, a materia de Debuxo Artístico I do bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado determinadas capacidades:

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

O ensino da materia de Debuxo Artístico no 1º curso do bacharelato terá como obxectivo concreto o desenvolvemento das seguintes capacidades do alumnado:

- Interpretar as formas desde diferentes formulacións estéticas e significativas, realizando modificacións que leven a resultados diverxentes respecto das formas iniciais.
- Comprender e valorar a importancia do estudo do natural das formas orgánicas.
- Aplicar as variables da forma na composición, experimentando coas relacións entre os elementos gráfico-plásticos desta.
- Desenvolver a memoria visual e retentiva, mediante a realización de exercicios que potencien os mecanismos perceptivos e expresivos ao servizo da representación artística.
- Coñecer, apreciar e empregar de forma axeitada as posibilidades expresivas das distintas técnicas e materiais, utilizándoas con orde e eficacia.
- Desenvolver a sensibilidade artística, concienciándose da necesidade do equilibrio entre emoción e razón, necesario para a aprendizaxe do debuxo artístico.
- Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos como medio de expresión das propias ideas e como recurso para comprender mellor as expresións plásticas alleas.

Nas táboas que se presentan nas seguintes páxinas se especifican para esta materia e nivel:

Obxectivos por estándares

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Competencias clave que abrangue cada estándar

Didáctica

Metodolóxica

Secuenciación

Temporalización

Criterios de avaliación

Procedemento de avaliación

Probas extraordinarias

Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación/Temp. Unidade didáctica
Bloque 1. O debuxo como ferramenta						
b d i m n p	B1.1. Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función.	B1.1. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos.	DA1.B1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico , as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade , co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.	CSC CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 1 6 sesións Setembro 1ª avaliación
			DA1.B1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica , de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.	CCL	Láminas Bloc de debuxo Vocabulario	
d i m n	B1.2. Expresión da subxectividade.	B1.2. Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía específica.	DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.	CSIEE CCEC	Exposición teórica Imaxes Bloc de debuxo	Unidade 2 13 sesións Outubro 1ª avaliación
i m n	B1.3. Materiais, utensilios e soportes básicos. B1.4. Introducción ás técnicas secas e á súa aplicación.	B1.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.	DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado , e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CSC	Bloc de debuxo	
			DA1.B1.3.2. Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.	CSIEE	Exposición teórica Vocabulario	
Bloque 2. Liña e forma						
b i m n d	B2.1. Elementos básicos na configuración da forma. A liña como elemento configurador.	B2.1. Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna.	DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume , movemento, espazo e sensacións subxectivas.	CSIEE CCEC	Exposición teórica Bloc de debuxo Imaxes	Unidade 3 5 sesións Novembro 1ª avaliación
			DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.	CSIEE CCEC	Bloc de debuxo Análise gráfico	
b	B2.2. A perspectiva intuitiva	B2.2. Empregar a liña para a	DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde	CSIEE	Exposición teórica	Unidade 4

Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación/Temp. Unidade didáctica
i m n d g	e a súa aplicación no debuxo artístico.	configuración de formas e transmisión de expresividade.	distintos puntos de vista.	CCEC	Perspectiva cónica	8 sesións Novembro-Decembro
			DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.	CMCCT	Imaxes Bloc de debuxo	
Bloque 3. A composición e os seus fundamentos						
b i m n d g	B3.1. Composición intuitiva. Concepto de equilibrio visual.	B3.1. Elaborar composicións analíticas, descritivas e expresivas con diferentes graos de iconicidade.	DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.	CSIEE CCEC	Exposición teórica Composición Imaxes Bloc de debuxo	Unidade 5 5 sesións Decembro 2ª avaliación
b i m n d g	B3.2. Psicoloxía da forma. Leis visuais que rexen as relacións entre as formas do cadro.	B3.2. Aplicar as leis básicas da percepción visual ao representar distintos volumes xeométricos ou orgánicas dentro dun espazo compositivo, atendendo ás proporcións e á perspectiva.	DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas , ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.	CAA	Exposición teórica Imaxes Bloc de debuxo	Unidade 6 6 sesións Xaneiro 2ª avaliación
Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura						
b i m n d g	B4.1. A mancha como elemento configurador do volume. O claroscuro.	B4.1. Representar o volume de obxectos e espazos tridimensionais mediante a técnica do claroscuro.	DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.	CSIEE CCEC	Exposición teórica Imaxes Bloc de debuxo	Unidade 7 6 sesións Febreiro 2ª avaliación
b i	B4.2. A construción das sombras . Valores tonais.	B4.2. Valorar a influencia da luz como configuradora de formas e o seu valor expresivo.	DA1.B4.2.1. Cofece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e	CCL CSIEE	Exposición teórica Imaxes	Unidade 8 4 sesións

Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación/Temp. Unidade didáctica
m n d g p			alleas.	CCEC	Análise gráfico Bloc de debuxo	Febreiro-Marzo 2ª avaliación
b i m n d g	B4.3. Iluminación. Tipos de luz e o seu comportamento.	B4.3. Explorar as posibilidades expresivas da textura visual e o claroscuro	DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.	CD CCEC	Exposición teórica Imaxes Bloc de debuxo	Unidade 9 6 sesións Marzo
Bloque 5. A cor						
b i m n d g	B5.1. Teoría da cor. Natureza. Dimensións e comportamento da cor. B5.2. Expresividade da cor.	B5.1. Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos sobre a cor e as relacións cromáticas, tanto na expresión gráfico-plástica como na análise de diversas manifestacións artísticas.	DA1.B5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e croma-ton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.	CSIEE CCEC	Exposición teórica Círculo cromático Bloc de debuxo	Unidade 10 8 sesións Abril 3ª avaliación
			DA1.B5.1.2. Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.	CCL CCEC	Bloc de debuxo Cor	
			DA1.B5.1.3. Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.	CCEC	Imaxes Van Gogh, Mondrian...	Unidade 11 8 sesións Abril-Maio

Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación/Temp. Unidade didáctica
			DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.	CSIEE CCEC	Matisse... Pintura exipcia	3ª avaliación
			DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural , mediante a mestura de cores primarias.	CSIEE CD	Exposición teórica Imaxes Impresionismo Bloc de debuxo	Unidade 12 6 sesións Maio Exame recuperación final

Nas seguintes táboas quedan recollidas as porcentaxes para cada aspecto de avaliación. Na parte correspondente aos instrumentos de avaliación aparecen tres columnas referidas ao bloc, ostraballos e o cadeno de artista. Para o traballo diario na aula o alumnado terá un bloc de esbozo para debuxo. Neste bloc céntranse as actividades do curso e é o documento principal de avaliación. Ademais deste bloc o alumnado fará exercicios noutros soportes (outros tipos de papeis, papel en cores, papeis especiais, etc) que conforman os chamados traballos. Por último, cada alumno terá un pequeno bloc ou libreta para facer debuxos diarios fóra da aula, de xeito que o debuxo constitúa unha actividade cotiá.

No bloc recolleranse os exercicios técnicos e exercicios de expresión creativa do alumnado na aula, e estarán feitos baixo a supervisión e corrección do profesorado. Os chamados traballos faranse nas mesmas condicións, mentras que o caderno de artista será totalmente libre para a expresión e práctica do alumnado sen a supervisión durante a súa elaboración, agas se o alumnado o demandara. Recoméndase ao alumnado que debuxe de cotío, máis aló da actividade regrada na aula e como unha forma de entretenemento e práctica do debuxo. Aquí poderán experimentar con distintas técnicas, xogar co mundo gráfico, copiar, inventar, pegar, etc.

Debuxo artístico I. 1º de bacharelato

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.

Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia.

Debuxo artístico I Estándares de aprendizaxe	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación			
	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación		
		Caderno de artista	Traballos	Bloc
Bloque 1. O debuxo como ferramenta				
DA1.B1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.	50%	30%	30%	40%
DA1.B1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.	30%	30%	-	70%
DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.	75%	30%	30%	40%
DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	50%	-	50%	50%
DA1.B1.3.2. Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.	80%	-	50%	50%
Bloque 2. Liña e forma				
DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.	100%	30%	30%	40%
DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.	50%	30%	30%	40%
DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.	100%	30%	30%	40%
DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.	100%	30%	30%	40%

Bloque 3. A composición e os seus fundamentos				
DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.	50%	30%	30%	40%
DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.	100%	30%	30%	40%
Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura				
DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.	100%	30%	30%	40%
DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.	100%	30%	30%	40%
DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.	50%	30%	30%	40%
Bloque 5. A cor				
DA1.B5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e croma-ton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.	100%	30%	30%	40%
DA1.B5.1.2. Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.	50%	30%	30%	40%
DA1.B5.1.3. Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.	80%	30%	30%	40%
DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.	50%	-	50%	50%
DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.	75%	-	50%	50%

O proceso para avaliar cada estándar de aprendizaxe mediante os instrumentos de avaliación aplicando as porcentaxes reflectidas nas táboas superiores é moi complexo . Para poder facelo, as preguntas dos exames deberían incluír todos os estándares correspondentes, e o sistema de cualificación destas probas non sería polo tanto nin operativo, nin obxectivo, nin xusto. Non se pode preguntar todo para poder avaliálo todo. Polo tanto debemos entender as distintas cifras de porcentaxes das táboas superiores como unhas referencias que nos serven para darlle distintos pesos específicos aos distintos estándares.

A hora de achar a cualificación do alumnado aplicarase a seguinte ponderación para a materia de Debuxo Artístico I

Bloc, caderno de Artista.....70%

Traballos e probas.....30%

Cultura audiovisual- 1º de Bacharelato

Modalidade de Artes

Obxectivos

Tal como recolle a lexislación, a materia de Cultura Audiovisual I do bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado determinadas capacidades:

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

O ensino da materia de Cultura Audiovisual I no 1º curso do bacharelato terá como obxectivo concreto o desenvolvemento das seguintes capacidades do alumnado:

- Dotar ao alumnado da capacidade de analizar, relacionar, comprender e interpretar os elementos que conforman a cultura audiovisual na que se atopan.
- Coñecer e comprender os elementos básicos da sintaxe visual.
- Comprender a importancia dos medios de comunicación na nosa sociedade.
- Comprender e apreciar a tecnoloxía da comunicación ao longo da historia.
- Recoñecer as diferenzas entre imaxe e realidade.
- Valorar a expresividade do son no medio audiovisual.
- Distinguir entre información, arte, propaganda e sedución nas mensaxes publicitarias.
- Recoñecer os diferentes xéneros e características dos medios de comunicación.

- Desenvolver unha actitude crítica e creativa fronte as mensaxes audiovisuais recibidas.
- Concienciarse da necesidade do equilibrio entre liberdade de expresión e o exercicio dos dereitos individuais.
- Empregar a linguaxe audiovisual para a elaboración de mensaxes con diferentes finalidades.

Nas táboas que se presentan nas seguintes páxinas se especifican para esta materia e nivel:

Obxectivos por estándares

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Competencias clave que abrangue cada estándar

Didáctica metodolóxica

Secuenciación

Temporalización

Criterios de avaliación

Procedemento de avaliación

Probas extraordinarias

Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
Bloque 1. Imaxe e significado						
b d g h n	B1.1. Imaxe representada: funcións e forma. Funcións da imaxe.	B1.1. Explicar as funcións da imaxe representada: simbólica, relixiosa, lúdica, decorativa, xerárquica, educativa, etc.	CA1B1.1.1. Analiza imaxes da historia da arte e explica as funcións ás que estaban destinadas.	CCL	Exposición teórica. Imaxes. Presentación. Recopilación de imaxes. Exame.	1º Trimestre Unidade 1 Lectura da imaxe Funcións da imaxe Iconicidade Medios audiovisuais Pintura e fotografía 26 sesións
b d g h n	B1.2. Evolución da construción de imaxes fixas ao longo da historia da arte Formas de representación.	B1.2. Recoñecer e diferenciar as principais formas de representación icónica: simbolismo, realismo, expresionismo, naturalismo, idealismo e abstracción.	CA1B1.2.1. Compara imaxes da historia da arte (por exemplo: hieratismo exipcio, helenismo grego, simbolismo románico, dramatismo barroco, realismo decimonónico, etc.) e establece as súas diferenzas formais.	CCEC		
b d g h n	B1.3. Medios audiovisuais: características principais. Arte e fotografía	B1.3. Analizar as características principais da fotografía, o son, o cine, a televisión e os produtos dixitais en internet.	CA1B1.3.1. Analiza as similitudes nos tratamentos formais entre a arte tradicional e a fotografía. CA1B1.3.2. Compara o tratamento formal da pintura e a fotografía do século XIX: retrato, paisaxe, eventos históricos, etc.	CCEC CCEC		
b d g h i n	B1.4. Evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais. Linguaxe dos novos medios. Comparativa histórica dos fitos da fotografía, o cine, a televisión, a radio, o multimedia e os novos medios. O mundo audiovisual como representación do mundo real. Funcións da imaxe. B1.5. Transcendencia da valoración expresiva e estética	B1.4. Valorar a importancia da evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais nos medios de comunicación nas sociedades actuais, e a interrelación creativa que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación.	CA1B1.4.1. Explica as principais características dos sistemas audiovisuais, as súas relacións e as súas diferenzas. CA1B1.4.2. Establece as diferenzas entre imaxe e realidade, e as súas diversas formas de representación. CA1B1.4.3. Analiza os avances que se produciron ao longo da historia no campo das tecnoloxías da información e da comunicación, e na evolución estética das mensaxes audiovisuais. CA1B1.4.4. Valora os contidos multimedia e dos novos	CCL CCEC CMCCT CD	Exposición teórica. Imaxes. Presentación.	1º Trimestre Unidade 2 Evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais. 4 sesións

Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
	das imaxes e da observación crítica das mensaxes. Historia do audiovisual.		medios na representación da realidade.			
Bloque 2. A imaxe fixa e a súa capacidade expresiva						
b d g n	B2.1. Características propias da imaxe fotográfica, en relación a outras imaxes fixas. O medio fotográfico.	B2.1. Recoñecer as propiedades diferenciadoras da imaxe fotográfica.	CA1B2.1.1. Establece as diferenzas entre imaxe pousada, instantánea, e captura do movemento.	CD	Exposición teórica. Presentación. Análise gráfica.	1º Trimestre Unidade 3 A imaxe fotográfica. 10 sesións
b d g m n	B2.2. Encadramento na imaxe fixa. Tipos de planos e angulacións.	B2.2. Analizar as composicións fotográficas, valorando a disposición dos elementos dentro do espazo físico da imaxe.	CA1B2.2.1. Realiza fotografías de primeiro plano, plano detalle, panorámicas, picados e contrapicados, analiza os resultados obtidos e valora a súa correspondencia gráfica con traballos similares de artistas coñecidos/as.	CD	Exposición teórica. Presentación. Traballo presentación.	
b d g h i m n	B2.3. Fotografía en branco e negro: características principais. Fotógrafos en branco e negro. Reportaxe en branco e negro.	B2.3. Analizar a capacidade expresiva da imaxe en branco e negro, e a súa utilización como alternativa á fotografía en cor.	CA1B2.3.1. Analiza a obra gráfica de fotógrafos/as que traballen en branco e negro, como Martín Chambi, Irvin Penn, Cecil Beaton, Ansel Adams, etc. CA1B2.3.2. Realiza dous tratamentos de elaboración dixital a unha mesma composición, en branco e negro e en cor, e analiza o resultado estético e semántico diferente.	CCEC CD	Exposición teórica. Comentario imaxes. Presentación. Reportaxe B/N.	1º Trimestre Unidade 3.1 Fotografía en B/N. 4 sesións
b d g h i n	B2.4. Fotografía en cor: características principais. RGB. Fotógrafos e cor.	B2.4. Analizar a composición da cor a través do sistema RGB.	CA1B2.4.1. Analiza o sistema RGB de construción da cor. CA1B2.4.2. Compara a obra dos/das principais fotógrafos/as e artistas no tratamento da cor, como Ernst Haas, Andy Warhol, Howard Schatz, Ouka Lele, etc.	CMCCT CCEC	Exposición teórica. Presentación. Comentario imaxes. Manipulación da cor.	1º Trimestre Unidade 3.2 Fotografía e cor. 4 sesións
b d	B2.4. Fotografía en cor: características principais.	B2.5. Analizar o uso da cor na imaxe fixa: saturación, matiz, investimento,	CA1B2.5.1. Realiza composicións en cor e altera o cromatismo mediante tratamento dixital, e logo analiza os	CD		

Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
g i m n	Manipulación da cor.	etc.	resultados obtidos.			
b d g h n	B2.5. A fotografía como instrumento de denuncia social e o seu uso como imaxe do poder político. Fotografía denuncia. Reportaxe e realidade.	B2.6. Identificar os patróns icónicos da fotografía como instrumento de difusión da inxustiza social.	CA1B2.6.1. Analiza a obra e a transcendencia social dos traballos de Dorothea Lange, Sabastião Salgado, Kevin Carter, Manuel Pérez Barriopedro, Cristina García Rodero, Gervasio Sánchez, etc.	CSC	Exposición teórica. Presentación. Comentario imaxes. Visionado vídeos. Realización fotografías. Exame.	2º Trimestre Unidade 3.3 A imaxe como instrumento. 8 sesións
b d g h m n	B2.5. A fotografía como instrumento de denuncia social e o seu uso como imaxe do poder político. Historia da imaxe e do poder. manipulación e propaganda.	B2.7. Analizar as formas de expresar o poder político a través dos tempos, e a imaxe oficial a través de escultura ou a pintura, e valorar as similitudes entre a imaxe clásica e a fotográfica.	CA1B2.7.1. Realiza unha composición en que se analicen as formas de expresar o poder político a través dos tempos (faraóns, emperadores, reis, presidentes, etc.), e analiza as similitudes entre a imaxe clásica e a fotográfica.	CSC		
b d g h n	B2.6. Fotografía de moda. Condicionantes plásticos e económicos. Obra gráfica de Mario Testino, Jaume de Laiguana e Eugenio Recuenco. Fotografía de estudio. Fotografía comercial.	B2.8. Expor e comentar as claves plásticas da obra de fotógrafos/as da moda.	CA1B2.8.1. Explica as claves plásticas e compositivas da obra fotográfica e/ou videográfica de Mario Testino, Jaume de Laiguana e Eugenio Recuenco, etc.	CCL		
b d g h n	B2.7. Realidade paradoxal. Obra gráfica de Chema Madoz. Fotografía e reflexión. Fotografía e xogo visual.	B2.9. Reflexionar acerca da relación entre a imaxe e a realidade xurdida na obra gráfica de Chema Madoz.	CA1B2.9.1. Comenta a creación plástica de Chema Madoz, analizando o xogo entre a realidade e a percepción paradoxal desta na súa obra.	CAA		
b	B2.8. Elementos expresivos e	B2.10. Analizar as funcións da imaxe	CA1B2.10.1. Analiza os elementos espaciais, as	CCEC		

Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
d g h i n	usos da imaxe fixa. Códigos que configuran as linguaxes. B2.9. Función ilustradora da imaxe (imaxe e texto). B2.10. Composición de imaxes fixas. Ritmo visual. B2.11. Narración mediante imaxes fixas (carteis, historieta gráfica e presentacións). Guión da historieta. Elaboración de historias gráficas mediante imaxes de uso público. A fotografía na publicidade. B2.12. Técnicas dixitais no deseño, na manipulación e creación de imaxes. B2.13. Tratamento de imaxes dixitais. Fotonovela. Narración con imaxe fixa.	fixa empregadas para satisfacer as necesidades expresivas da sociedade actual, e aplicalas na elaboración de imaxes dixitais.	características básicas, o significado e o sentido empregados na lectura de imaxes fixas.		Análise gráfica. Realización dunha fotonovela. Traballo cooperativo.	Unidade 4 Elementos expresivos da imaxe fixa. 10 sesións
			CA1B2.10.2. Analiza as funcións do ritmo na composición de imaxes fixas.	CCEC		
			CA1B2.10.3. Valora os usos da imaxe fotográfica nos medios de comunicación e nos novos medios.	CSC		
			CA1B2.10.4. Recoñece e valora que se respecte a autoría na elaboración e na distribución de fotografías por internet.	CSC		
			CA1B2.10.5. Analiza os sistemas actuais dixitais de captación e tratamento fotográfico.	CD		
Bloque 3. A imaxe en movemento e a súa capacidade expresiva						
b d g i n	B3.1. Fundamentos perceptivos da imaxe en movemento. Ilusión de movemento. Xoguetes ópticos.	B3.1. Analizar a técnica de exposición de imaxes fixas para simular movemento, desde o principio do cine, pasando pola televisión, ata a imaxe dixital actual.	CA1B3.1.1. Diferenza as principais características técnicas dos sistemas cine PAL e NTSC na reprodución de imaxes.	CMCCT	Exposición teórica. Imaxes. Realización dun fenaquistoscopio.	2º Trimestre Unidade 5 Fundamentos da técnica cinematográfica. 12 sesións
b d g	B3.2. Composición expresiva do cadro de imaxe no cine e en televisión. Función da	B3.2. Analizar as funcións e as características comunicativas da imaxe en movemento empregadas	CA1B3.2.1. Analiza os elementos espaciais e temporais, as características básicas, o significado e o sentido na lectura de imaxes en movemento.	CCEC	Visionado de fragmentos cinematográficos.	2º Trimestre Unidade 6 A imaxe no audiovisual.

Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
h n	iluminación. Iluminación.	para satisfacer as necesidades expresivas da sociedade actual, e aplicalas na elaboración de producións dixitais sinxelas.	CA1B3.2.2. Identifica e analiza os elementos expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).	CSIEE	Análise. Comentario. Exercicio práctico de iluminación.	10 sesións
b d g i n	B3.3. Características técnicas da imaxe cinematográfica e videográfica, da imaxe televisiva e dos audiovisuais. 3D. Captación e edición audiovisual.	B3.3. Diferenciar a calidade da imaxe obtida por diferentes medios dixitais no relativo a resolución, brillo, luminosidade, etc.	CA1B3.3.1. Valora a función da iluminación como compoñente expresivo na construción do plano de imaxe.	CCEC		
			CA1B3.3.2. Identifica os sistemas técnicos de captación e edición dixital en producións audiovisuais.	CD		
			CA1B3.3.3. Analiza as características dos sistemas de captación e proxección de imaxes en 3D	CSIEE		
b d g h i n	B3.4. Sistemas de captación de imaxes en movemento. Sistemas tradicionais analóxicos e modernos sistemas dixitais. Formatos dixitais de vídeo.	B3.4. Analizar as características técnicas necesarias para a creación de efectos: cámara rápida, lenta e <i>bullet time</i> .	CA1B3.4.1. Analiza pezas videográficas ou cinematográficas en que se apliquen efectos de movemento (intencionados ou técnicos).	CMCCT	Visionado. Comentario e análise técnico.	
b d g h i n	B3.5. Características expresivas da velocidade de reprodución de imaxes: cine mudo; cámara lenta; <i>bullet time</i> . Buster Keaton e Charles Chaplin. Sam Pekimpah. <i>Koyaanitatsy</i> . Hermanos Wachoskyy.	B3.5. Valorar os resultados expresivos obtidos ao alterar a velocidade de reprodución das imaxes en movemento.	CA1B3.5.1. Realiza modificacións en pezas videográficas alterando a velocidade de reprodución e os parámetros relacionados co tamaño de imaxe, e analiza o resultado obtido.	CD	Visionado. Comentario e análise técnico e formal.	
Bloque 4. Narrativa audiovisual						
b d	B4.1. Narración da imaxe en movemento. Plano e	B4.1. Relacionar a construción do plano de imaxe e a súa capacidade	CA1B4.1.1. Relaciona os elementos formais do plano e a súa consecuencia narrativa.	CAA	Visionado de fragmentos de	3º Trimestre 3º Trimestre

Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
g n	secuencia. O plano e a secuencia.	narrativa.			películas. Comentario e análise técnico, formal e narrativo.	Unidade 7 Narración con imaxes. Linguaxe cinematográfica. 20 sesións
b d g h n	B4.2. Planos de imaxe. Movimentos de cámara. B4.3. Diálogo no cine: plano e contraplano. B4.4. Plano secuencia. Secuencia con cortes e plano secuencia. <i>La soga.</i>	B4.2. Diferenciar os principais tipos de plano de imaxe.	CA1B4.2.1. Analiza nunha obra cinematográfica a construción narrativa dos planos e a secuencia.	CAA		
			CA1B4.2.2. Comenta a construción do plano-contraplano nun diálogo, a partir dunha obra cinematográfica.	CMCCT		
			CA1B4.2.3. Explica a complexidade técnica da construción dun plano secuencia, utilizando, entre outras pezas posibles, "A soga" de Alfred Hitchcock; "Sede de mal" de Orson Welles e "Son Cuba" de Mikhail Kalatofov.	CD		
b d g h n	B4.5. Relacións espazo-temporais na narración audiovisual. <i>Flashforward</i> e <i>flashback</i> . <i>Memento</i> . <i>Sospechosos habituales</i> . <i>Atraco perfecto</i> .	B4.3. Analizar a importancia narrativa do <i>flashback</i> na construción narrativa cinematográfica.	CA1B4.3.1. Comenta a transcendencia narrativa do flashback en obras cinematográficas de relevancia.	CSIEE	Visionado de fragmentos de películas. Comentario e análise técnico, formal e narrativo.	
			CA1B4.3.2. Analiza o significado narrativo do <i>flashback</i> en series para televisión.	CAA		
b d g h n	B4.6. Literatura e guión cinematográfico. Sinopsis. Escaleta. Guión literario. Secuencia. Guión técnico. <i>Storyboard</i> .	B4.4. Identificar en obras cinematográficas de relevancia a súa estrutura narrativa.	CA1B4.4.1. Analiza a estrutura narrativa de obras significativas da historia do cine.	CCL	Exposición. Análise narrativo.	3º Trimestre Unidade 8 proceso creativo no audiovisual. 14 sesións
b d g h n	B4.7. Montaxe audiovisual. Edición de imaxe e son.	B4.5. Recoñecer as diferenzas entre a realidade e a representación que ofrecen as imaxes en movemento, analizando os aspectos narrativos dos produtos audiovisuais e	CA1B4.5.1. Identifica e analiza os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais, e aplícalos na valoración de diversos produtos (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).	CAA	Visionado de fragmentos audiovisuais. Análise técnico, formal e narrativo.	
			CA1B4.5.2. Especifica a tipoloxía de xénero, a	CSC		

Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
		aplicando criterios expresivos.	intencionalidade comunicativa e os códigos expresivos empregados na realización de películas e programas de televisión, a partir da súa visión e da súa análise.			
b d g h n	B4.8. Xéneros cinematográficos. Xéneros televisivos. Cine de ficción e documental. Cine de animación. Os xéneros.	B4.6. Identificar e analizar os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais.	CA1B4.6.1. Analiza producións multimedia interactivas e de novos medios, identificando as características dos produtos e as súas posibilidades.	CCEC	Exposición teórica. Presentación. Análise narrativa. Realización de comentario.	Unidade 9 Os xéneros do audiovisual. Interactividade e multimedia. 10 sesións
b d g h n	B4.9. Narrativa dos produtos interactivos.	B4.7. Identificar as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos medios de comunicación de libre acceso, como internet	CA1B.4.7.1. Identifica e explica as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos medios de comunicación de libre acceso, como internet.	CCEC		

Cultura audiovisual I. 1º de bacharelato

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.

Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia.

Cultura audiovisual I Estándares de aprendizaxe	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación		
	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	
		Exames	Traballos
Bloque 1. Imaxe e significado	-		
CA1B1.1.1. Analiza imaxes da historia da arte e explica as funcións ás que estaban destinadas.	100%	40%	60%
CA1B1.2.1. Compara imaxes da historia da arte (por exemplo: hieratismo exipcio, helenismo grego, simbolismo románico, dramatismo barroco, realismo decimonónico, etc.) e establece as súas diferenzas formais.	50%	40%	60%
CA1B1.3.1. Analiza as similitudes nos tratamentos formais entre a arte tradicional e a fotografía.	100%	40%	60%
CA1B1.3.2. Compara o tratamento formal da pintura e a fotografía do século XIX: retrato, paisaxe, eventos históricos, etc.	100%	40%	60%
CA1B1.4.1. Explica as principais características dos sistemas audiovisuais, as súas relacións e as súas diferenzas.	25%	40%	60%
CA1B1.4.2. Establece as diferenzas entre imaxe e realidade, e as súas diversas formas de representación.	50%	40%	60%
CA1B1.4.3. Analiza os avances que se produciron ao longo da historia no campo das tecnoloxías da información e da comunicación, e na evolución estética das mensaxes audiovisuais.	25%	40%	60%
CA1B1.4.4. Valora os contidos multimedia e dos novos medios na representación da realidade.	25%	40%	60%
CA1B1.1.1. Analiza imaxes da historia da arte e explica as funcións ás que estaban destinadas.	100%	40%	60%
Bloque 2. A imaxe fixa e a súa capacidade expresiva	-		
CA1B2.1.1. Establece as diferenzas entre imaxe pousada, instantánea, e captura do movemento.	100%	40%	60%
CA1B2.2.1. Realiza fotografías de primeiro plano, plano detalle, panorámicas, picados e contrapicados, analiza os resultados obtidos e valora a súa correspondencia gráfica con traballos similares de artistas coñecidos/as.	100%	40%	60%
CA1B2.3.1. Analiza a obra gráfica de fotógrafos/as que traballen en branco e negro, como Martín Chambi, Irvin Penn, Cecil Beaton, Ansel Adams, etc.	100%	40%	60%

Cultura audiovisual I Estándares de aprendizaxe	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación		
	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	
		Exames	Traballos
CA1B2.3.2. Realiza dous tratamentos de elaboración dixital a unha mesma composición, en branco e negro e en cor, e analiza o resultado estético e semántico diferente.	50%	40%	60%
CA1B2.4.1. Analiza o sistema RGB de construción da cor.	100%	40%	60%
CA1B2.4.2. Compara a obra dos/das principais fotógrafos/as e artistas no tratamento da cor, como Ernst Haas, Andy Warhol, Howard Schatz, Ouka Lele, etc.	50%	40%	60%
CA1B2.5.1. Realiza composicións en cor e altera o cromatismo mediante tratamento dixital, e logo analiza os resultados obtidos.	100%	40%	60%
CA1B2.6.1. Analiza a obra e a transcendencia social dos traballos de Dorothea Lange, Sabastião Salgado, Kevin Carter, Manuel Pérez Barriopedro, Cristina García Rodero, Gervasio Sánchez, etc.	100%	40%	60%
CA1B2.7.1. Realiza unha composición en que se analicen as formas de expresar o poder político a través dos tempos (faraóns, emperadores, reis, presidentes, etc.), e analiza as similitudes entre a imaxe clásica e a fotográfica.	100%	40%	60%
CA1B2.8.1. Explica as claves plásticas e compositivas da obra fotográfica e/ou videográfica de Mario Testino, Jaume de Laiguana e Eugenio Recuenco, etc.	25%	40%	60%
CA1B2.9.1. Comenta a creación plástica de Chema Madoz, analizando o xogo entre a realidade e a percepción paradoxal desta na súa obra.	50%	40%	60%
CA1B2.10.1. Analiza os elementos espaciais, as características básicas, o significado e o sentido empregados na lectura de imaxes fixas.	100%	40%	60%
CA1B2.10.2. Analiza as funcións do ritmo na composición de imaxes fixas.	50%	40%	60%
CA1B2.10.3. Valora os usos da imaxe fotográfica nos medios de comunicación e nos novos medios.	50%	40%	60%
CA1B2.10.4. Recoñece e valora que se respecte a autoría na elaboración e na distribución de fotografías por internet.	25%	40%	60%
CA1B2.10.5. Analiza os sistemas actuais dixitais de captación e tratamento fotográfico.	25%	40%	60%
Bloque 3. A imaxe en movemento e a súa capacidade expresiva	-		
CA1B3.1.1. Diferenza as principais características técnicas dos sistemas cine PAL e NTSC na reprodución de imaxes.	25%	40%	60%
CA1B3.2.1. Analiza os elementos espaciais e temporais, as características básicas, o significado e o sentido na lectura de imaxes en movemento.	50%	40%	60%
CA1B3.2.2. Identifica e analiza os elementos expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).	50%	40%	60%
CA1B3.3.1. Valora a función da iluminación como compoñente expresivo na construción do plano de imaxe.	100%	40%	60%

Cultura audiovisual I Estándares de aprendizaxe	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación		
	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	
		Exames	Traballos
CA1B3.3.2. Identifica os sistemas técnicos de captación e edición dixital en producións audiovisuais.	25%	40%	60%
CA1B3.3.3. Analiza as características dos sistemas de captación e proxección de imaxes en 3D	25%	40%	60%
CA1B3.4.1. Analiza pezas videográficas ou cinematográficas en que se apliquen efectos de movemento (intencionados ou técnicos).	100%	40%	60%
CA1B3.5.1. Realiza modificacións en pezas videográficas alterando a velocidade de reprodución e os parámetros relacionados co tamaño de imaxe, e analiza o resultado obtido.	25%	40%	60%
Bloque 4. Narrativa audiovisual	-		
CA1B4.1.1. Relaciona os elementos formais do plano e a súa consecuencia narrativa.	100%	40%	60%
CA1B4.2.1. Analiza nunha obra cinematográfica a construción narrativa dos planos e a secuencia.	50%	40%	60%
CA1B4.2.2. Comenta a construción do plano-contraplano nun diálogo, a partir dunha obra cinematográfica.	100%	40%	60%
CA1B4.2.3. Explica a complexidade técnica da construción dun plano secuencia, utilizando, entre outras pezas posibles, "A sogra" de Alfred Hitchcock; "Sede de mal" de Orson Welles e "Son Cuba" de Mikhail Kalatofov.	50%	40%	60%
CA1B4.3.1. Comenta a transcendencia narrativa do flashback en obras cinematográficas de relevancia.	100%	40%	60%
CA1B4.3.2. Analiza o significado narrativo do <i>flashback</i> en series para televisión.	50%	40%	60%
CA1B4.4.1. Analiza a estrutura narrativa de obras significativas da historia do cine.	100%	40%	60%
CA1B4.5.1. Identifica e analiza os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais, e aplícalos na valoración de diversos produtos (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).	25%	40%	60%
CA1B4.5.2. Especifica a tipoloxía de xénero, a intencionalidade comunicativa e os códigos expresivos empregados na realización de películas e programas de televisión, a partir da súa visión e da súa análise.	50%	40%	60%
CA1B4.6.1. Analiza producións multimedia interactivas e de novos medios, identificando as características dos produtos e as súas posibilidades.	25%	40%	60%
CA1B.4.7.1. Identifica e explica as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos medios de comunicación de libre acceso, como internet.	50%	40%	60%

O proceso para avaliar cada estándar de aprendizaxe mediante os instrumentos de avaliación aplicando as porcentaxes reflectidas nas táboas superiores é moi complexo . Para poder facelo, as preguntas dos exames deberían incluír todos os estándares correspondentes, e o sistema de cualificación destas probas non sería polo tanto nin operativo, nin obxectivo, nin xusto. Non se pode preguntar todo para poder avalialo todo. Polo tanto debemos entender as distintas cifras de porcentaxes das táboas superiores como unhas referencias que nos serven para darlle distintos pesos específicos aos distintos estándares.

A hora de achar a cualificación do alumnado aplicarase a seguinte ponderación para a materia de Cultura Audiovisual I

Prácticas.....60%

Exames.....30%

Participación.....10%

A cualificación positiva será maior ou igual a 5.

Haberá recuperacións por trimestre e recuperación ordinaria de xuño.

As medias faranse a partir da nota mínima 4.

Na recuperación extraordinaria de xuño entrará toda a materia.

Fundamentos da Arte I - 1º de Bacharelato

Modalidade de Artes

Introducción

A materia de Fundamentos da Arte pretende proporcionar ao/á estudante unha visión de conxunto dalgúns dos fitos máis sobresalientes das disciplinas relacionadas coas artes plásticas, audiovisuais e musicais, e coa danza, así como as artes decorativas, a vestimenta, etc. Recolle as principais manifestacións artísticas e culturais desenvolvidas desde a Antigüidade ata os nosos días, así como as ideas que as promoveron, a súa linguaxe artística e os/as artistas máis sobresalientes de cada época. Con ela trátase de transcender o estudo da historia da arte como simple sucesión de fases ou historicismos, para chegar á comprensión profunda da atmosfera cultural, estética e social imperante en cada época, que determina a produción artística resultante e a intencionalidade dos/das creadores/as fronte ás súas obras.

A través do estudo das manifestacións artísticas do ser humano preténdese que o alumnado afonde nun modo de coñecemento do mundo non discursivo e, xa que logo, non baseado en ámbitos de investigación que procedan unicamente de métodos sistemáticos, racionais e propositivos.

O devandito suposto pode resultar contraditorio coa forte sistematización da materia coa que estamos a tratar. Porén, cremos que resulta útil para simplificar a complexa tarefa de abordar o que é a arte e cales son os seus elementos fundamentais, sobre todo en alumnos e alumnas que empezan a súa formación neste campo dentro do sistema educativo. Tratarase de que o/a estudante consiga comprender as creacións artísticas e culturais que o/a rodean estudando a súa orixe, a idea de partida, e relacionándoas co tempo en que se crearon, así como a súa plasmación como obra creativa a través das formas e as técnicas da disciplina de que se trate.

Daquela, na docencia desta materia combinaranse polo menos tres parámetros fundamentais: as explicacións sobre a arte a partir da súa orixe como idea conceptual, o tratamento formal co que o/a artista traballou a idea, e os condicionantes históricos, sociais e empresariais que a rodean. O desenvolvemento cronolóxico da creación artística deberá ser parte fundamental da organización dos contidos ao longo dos dous anos de impartición, tendo presente que a base esencial desta materia é de contido plástico, máis que de contido histórico. Será tarefa do/da docente combinar ambos os dous, de xeito que o/a alumno/a obteña unha visión global e interrelacionada das obras de arte.

O obxectivo final da materia de Fundamentos da Arte é o de fomentar a capacidade de análise, xuízo e crítica persoal do alumnado, así como contribuír á súa formación como futuro/a artista e creador/a plástico/a.

Obxectivos

Tal como recolle a lexislación, a materia de Fundamentos da Arte I do bacharelato na modalidade de Artes contribuír á desenvolver no alumnado determinadas capacidades:

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Para aproximar ao alumnado ao coñecemento integral das máis importantes aportacións á creación artística ao longo da historia, farase especial fincapé na valoración e incorporación de mulleres artistas ao elenco, habitualmente masculino, de personalidades tradicionalmente consideradas. Artistas silenciadas como Hildegarda de Bingen, Sofonisa Argensola, Artemisa Gentileschi, Clara Peeters, Luisa Ignacia Roldán,....

Nas táboas que se presentan nas seguintes páxinas se especifican para esta materia e nivel:

Obxectivos por estándares

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Competencias clave que abrangue cada estándar

Didáctica metodolóxica

Secuenciación

Temporalización

Criterios de avaliación

Procedemento de avaliación

Probas extraordinarias

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
Bloque 1. As orixes das imaxes artísticas						
b d e n	B1.1. Arte rupestre: as imaxes e a súa representación simbólica.	B1.1. Analizar a temática da escultura e pintura rupestres.	FA1B1.1.1. Identifica as imaxes rupestres e relaciónaaas coas imaxes tribais ou étnicas do mundo.	CSC CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica Análise xeográfica Bloc de debuxo	Unidade 1 6 sesións Setembro 1ª avaliación
b d e n	B1.1. Arte rupestre: as imaxes e a súa representación simbólica.	B1.2. Debater acerca das posibles explicacións simbólicas das imaxes rupestres.	FA1B1.2.1. Relaciona as imaxes cun posible significado iconolóxico.	CCEC		
b d e h n p	B1.2. Arte rupestre: características da pintura.	B1.3. Recoñecer as características principais da pintura rupestre.	FA1B1.3.1. Compara as imaxes prehistóricas coas imaxes de grupos étnicos da actualidade, establecendo posibles paralelismos.	CD CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 2 4 sesións Outubro 1ª avaliación
			FA1B1.3.2. Relaciona a iconografía rupestre con composicións de artistas actuais.	CAA CCEC		
b d e h i n p	B1.3. Arte rupestre: técnicas de pintura e escultura.	B1.4. Explicar as características técnicas da pintura rupestre a partir de exemplos relevantes da Península Ibérica.	FA1B1.4.1. Analiza, a partir de fontes historiográficas, a técnica da arte rupestre e a súa posible aplicación na actualidade.	CMCCT CCEC		
b d e n	B1.2. Construcións megalíticas. Stonehenge: mito e realidade.	B1.5. Analizar Stonehenge e os labores de recreación efectuados no século XX no monumento.	FA1B1.5.1. Analiza Stonehenge e debate acerca da súa autenticidade simbólica e histórica.	CCL CCEC	Análise gráfica Bloc de debuxo	Unidade 3 6 sesións Outubro 1ª avaliación
Bloque 2. As grandes culturas da Antigüidade: Exipto; Mesopotamia e Persia; China						
b d e n	B2.1. Feitos artísticos relevantes: restos arqueolóxicos. B2.2. Exipto. B2.3. China. B2.4. Mesopotamia e Persia.	B2.1. Identificar a arte exipcia en relación con outras culturas diferentes.	FA1B2.1.1. Recoñece as imaxes dos restos arqueolóxicos relevantes e sitúaaas na cultura correspondente.	CD CCEC	Análise gráfica Análise xeográfica	Unidade 4 3 sesións Outubro

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
b d e n	B2.2. Exipto. B2.5. Cultura sedentaria e agrícola, arquitectura e obra civil.	B2.2. Analizar a posible relación entre o modo de vida e a arte exipcia.	FA1B2.2.1. Relaciona o tipo de vida sedentario co auxe da arquitectura e das obras públicas.	CCEC	Exposición teórica Imaxes	7 sesións Outubro- novembro 1ª avaliación
			FA1B2.2.2. Infíre a relación entre a escultura oficial e o seu patrocinador e asóciaa co tipo de imaxe para representar.	CAA CCEC		
			FA1B2.2.3. Establece unha relación causa-forma entre a estrutura política e a plasmación plástica que dela se fai.	CSC CCEC		
b d e n	B2.6. Rixidez narrativa e rixidez política. B2.7. O idealismo como forma de representación na arte exipcia. Faraón-deus. B2.8. Culto aos mortos, inmortalidade e resurrección en Exipto. Mito de Isis.	B2.3. Explicar a iconoloxía exipcia relacionando a imaxe co poder político.	FA1B2.3.1. Analiza a relación entre o culto a Isis e o seu posible enlace coa relixión xudeo-cristiá.	CCEC		
b d e n	B2.9. Esquemmatización narrativa: pintura.	B2.4. Identificar a técnica narrativa das pinturas exipcias.	FA1B2.4.1. Explica a organización narrativa das pinturas exipcias.	CCL CCEC	Análise gráfica Bloc de debuxo	
b d e n	B2.10. Escultura exipcia. B2.11. Moblaxe e obxectos suntuarios.	B2.5. Comparar as pezas escultóricas segundo o seu material e súa finalidade: pedra, madeira, obxectos suntuarios, sarcófagos, etc.	FA1B2.5.1. Analiza as pezas escultóricas exipcias.	CCEC	Análise gráfica Bloc de debuxo	
b d e i n	B2.12. Pintura á encáustica.	B2.6. Experimentar a técnica da encáustica.	FA1B2.6.1. Aplica a técnica da encáustica a un traballo concreto.	CMCCT CCEC		
b d e n	B2.2. Exipto. B2.3. China. B2.4. Mesopotamia e Persia.	B2.7. Recoñecer a tipoloxía das culturas encravadas no Oriente Medio, a exipcia e a chinesa.	FA1B2.7.1. Compara a cronoloxía e a iconografía das culturas persa, exipcia e chinesa.	CAA CCEC	Análise gráfica Análise xeográfica	Unidade 5 2 sesións Novembro 1ª avaliación
b d	B2.13. Escultura en terracota chinesa.	B2.8. Recoñecer a escultura en terracota dos guerreiros de Xian, do mausoleo do	FA1B2.8.1. Identifica a concepción formal das esculturas do mausoleo fronte a outras obras arqueolóxicas.	CCEC	Exposición teórica	

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
e n		primeiro emperador Qin.			Imaxes	
b d e n	B2.3. China. B2.13. A escultura en terracota chinesa.	B2.9. Relacionar as claves políticas e artísticas dos guerreiros de Xian.	FA1B2.9.1. Relaciona a creación do mausoleo do primeiro emperador Qin coa historia da China e a súa transcendencia política e social.	CCEC		
b d e i n	B2.14. Escultura en terracota.	B2.10. Relacionar a técnica da escultura en terracota con usos actuais similares.	FA1B2.10.1. Recoñece e explica a técnica da terracota.	CMCCT CCEC		
b d e n	B2.15. Idealismo e naturalismo: escultura.	B2.11. Analizar nas culturas antigas a diferenza entre imaxes idealistas e naturalistas, e a súa posible relación coa finalidade da peza.	FA1B2.11.1. Describe as diferenzas entre a escultura idealista e a escultura naturalista.	CAA CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	
Bloque 3. A orixe de Europa. Grecia						
b d e n	B3.1. Grecia entre Exipto e Persia.	B3.1. Analizar comparativamente a arte arcaica grega e a arte exipcia fronteiriza.	FA1B3.1.1. Relaciona o nacemento da cultura grega coa influencia das culturas de Exipto e Persia.	CAA CCEC	Análise xeográfica Análise cronolóxica Bloc	Unidade 6 2 sesións Novembro 1ª avaliación
b d e n	B3.2. Política e arte: o Partenón.	B3.2. Identificar a arquitectura grega. Orixes formais e sociais.	FA1B3.2.1. Identifica os elementos esenciais da arquitectura grega.	CSC CCEC		
b d e n	B3.3. Arquitectura grega. Elementos constitutivos.	B3.3. Explicar convenientemente as partes esenciais da arquitectura grega.	FA1B3.3.1. Comenta as diferenzas entre as tres épocas esenciais da arquitectura grega.	CCEC	Exposición teórica Análise gráfica	Unidade 7 1 sesión Novembro
b d e n	B3.4. Evolución da forma desde o hieratismo exipcio: arte arcaica, clásica e helenística. B3.5. Arte helenística: naturalismo e expresividade, emoción e tensión	B3.4. Diferenciar as etapas na arte grega a partir das peculiaridades de cada etapa reflectidas nunha creación determinada.	FA1B3.4.1. Describe as diferenzas entre as tres ordes clásicas: dórica, xónica e corintia.	CCEC	Análise gráfica Bloc	4 sesións Novembro 1ª avaliación

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
	dramática.					
b d e h n	B3.6. Escultura grega. Apoloxía do corpo humano. Forza e sensualidade B3.7. Relixión e arte. Fidias. B3.8. Influencia da arte grega na historia.	B3.5. Diferenciar as características da escultura grega. Relacionar a arte grega con outras culturas ou aplicacións posteriores	FA1B3.5.1. Analiza a simboloxía das deidades gregas. FA1B3.5.2. Describe a relación entre a escultura grega, romana, renacentista e neoclásica.	CSIEE CCEC CCL CCEC	Análise gráfica Bloc	Unidade 8 3 sesións Decembro 1ª avaliación
b d e i n	B3.9. Cerámica grega: iconoloxía, recursos ornamentais. Técnicas: negro sobre vermello. Andócides. Vermello sobre negro.	B3.6. Describir a técnica da cerámica grega.	FA1B3.6.1. Compara a evolución cronolóxica da cerámica grega.	CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	1 sesión Decembro 1ª avaliación
b d e n	B3.10. Obxectos da cultura grega: figuras, ferramentas e xoias.	B3.7. Identificar a tipoloxía da xoiaría grega en relación con outras culturas.	FA1B3.7.1. Compara restos arqueolóxicos de xoias e obxectos nas culturas coetáneas á cultura grega.	CCEC		
b d e h n p	B3.11. Teatro grego: arquitectura, temas e recursos iconográficos.	B3.8. Valorar o teatro grego e a súa influencia no teatro posterior.	FA1B3.8.1. Describe as características do teatro grego e a súa influencia no teatro actual.	CD CCEC		
Bloque 4. O imperio occidental: Roma						
b d e h n	B4.1. Roma. A gran cultura mediterránea. B4.2. Arte etrusca. Elementos identificativos.	B4.1. Valorar a importancia da cultura romana no mediterráneo e a súa transcendencia histórica posterior.	FA1B4.1.1. Relaciona o nacemento da cultura romana e a influencia grega. FA1B4.1.2. Sitúa no mapa do Mediterráneo as culturas grega, romana e fenicia.	CAA CCEC CCEC	Exposición teórica Análise xeográfica Análise cronolóxica	Unidade 9 2 sesións Decembro 2ª avaliación
b d e h n	B4.3. A estrutura política romana e a súa relación coa arte. B4.4. Clasicismo e idealización nas esculturas e nos bustos de emperadores	B4.2. Explicar a importancia do latín como lingua común europea e a súa transcendencia na arte.	FA1B4.2.1. Relaciona a expansión política e artística romana co emprego do latín e o dereito romano.	CSC CCEC		

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
b d e n p	B4.5.Arquitectura romana.	B4.3. Identificar as obras arquitectónicas da cultura romana a partir da identificación visual dos seus elementos principais.	FA1B4.3.1. Identifica os elementos arquitectónicos esenciais da cultura romana.	CCEC	Exposición teórica Análise gráfica Bloc	Unidade 10 5 sesións Decembro
b d e n	B4.6.A basílica. B4.7.Obra civil e obras públicas romanas.	B4.4. Relacionar a basílica romana coas igrexas cristiás posteriores, analizando os planos das plantas de diferentes edificios.	FA1B4.4.1. Compara as basílicas do imperio romano e as igrexas construídas posteriormente.	CCEC	Exposición teórica Imaxes	6 sesións Xaneiro 2ª avaliación
b d e n	B4.5.Arquitectura romana.	B4.5. Valorar a importancia técnica dos edificios romanos.	FA1B4.5.1. Relaciona o Panteón de Agripa coa catedral do Vaticano. La Muralla Romana de Lugo	CMCCT CCEC	Análise gráfica A Muralla de Lugo	
b d e i n	B4.8. Pintura romana. Técnica do fresco.	B4.6. Analizar a técnica da pintura ao fresco e a do mosaico.	FA1B4.6.1. Describe as técnicas do mosaico e da pintura ao fresco.	CMCCT CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 11 2 sesións Xaneiro 2ª avaliación
b d e h n p	B4.9. Literatura e o teatro romano.	B4.7. Relacionar o teatro romano e o teatro grego	FA1B4.7.1. Relaciona o teatro actual cos teatros grego e romano.	CD CCEC		
b d e h n	B4.10. Artes aplicadas: moblaxe, obxectos e vestimenta.	B4.8. Comparar as artes aplicadas da cultura romana coas efectuadas noutros momentos e noutras culturas.	FA1B4.8.1. Establece a relación entre a historia de Pompeia e Herculano, e a súa influencia na arte europea posterior. FA1B4.8.2. Comenta a vestimenta romana e a súa aplicación na historia da arte posterior.	CSIEE CCEC CCL CCEC		
Bloque 5. A arte prerrománica						
b d	B5.1. Fin do imperio romano de occidente. Arianismo.	B5.1. Identificar as claves expresivas da arte visigoda.	FA1B5.1.1. Identifica os principais monumentos do prerrománico español.	CCEC	Exposición teórica	Unidade 12 1 sesión

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
e n	B5.2. Arquitectura: perda da técnica arquitectónica romana. B5.3. Arte prerrománica asturiana. B5.4. Escultura: relevos nos capiteis.		FA1B5.1.2. Compara a escultura romana e visigoda.	CAA CCEC	Imaxes	Xaneiro
b d e n	B5.1. Fin do imperio romano de occidente. Arianismo. B5.2. Arquitectura: perda da técnica arquitectónica romana.	B5.2. Relacionar a situación social e a arte aplicada.	FA1B5.2.1. Recoñece as claves políticas que levan á decadencia do imperio romano.	CSC CCEC		
			FA1B5.2.2. Relaciona a fin do imperio romano e a disgregación artística europea.	CSIEE CCEC		
			FA1B5.2.3. Compara a pintura visigoda e romana anterior.	CCEC		
b d e n	B5.3. Arte prerrománica asturiana.	B5.3. Analizar os templos visigodos e as súas características principais.	FA1B5.3.1. Identifica as principais características dos templos visigodos a partir de fontes historiográficas de exemplos representativos.	CD CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	2 sesión Febreiro
b d e n	B5.4. Arte árabe na Península Ibérica. Islamismo. Arco de ferradura. Arte mozárabe.	B5.4. Diferenciar a arte cristiá e a árabe na Península Ibérica.	FA1B5.4.1. Relaciona o arco de ferradura e o seu emprego na arte árabe da Península Ibérica.	CCEC		
b d e i n	B5.5. Técnicas construtivas e motivos iconográficos.	B5.5. Analizar a técnica do artesoadado das cubertas de madeira nas igrexas españolas.	FA1B5.5.1. Recoñece as principais características dos artesoadados de madeira en exemplos representativos.	CCEC		
b d e n	B5.6. Códices miniados. Ilustración en pergameo. Técnicas. Iconografía medieval. Pergameos e códices.	B5.6. Describir a técnica da pintura e escritura sobre pergameo. Motivos iconográficos.	FA1B5.6.1. Analiza o Libro da Apocalipse e a súa aplicación á arte de todos os tempos.	CCL CCEC	Análise gráfica	2 sesión Febreiro 2ª avaliación
			FA1B5.6.2. Recoñece a técnica da pintura e escritura sobre pergameo.	CCEC		
			FA1B5.6.3. Identifica e explica as características da iconografía medieval a partir de códices e pergameos representativos.	CCEC		
b	B5.7. Xoiaría visigoda.	B5.7. Explicar a técnica construtiva da	FA1B5.7.1. Explica a técnica da xoiaría visigoda a partir de fontes	CMCCT		

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
d e i n		xoiaría visigoda. Técnica cloisonné e a súa aplicación posterior.	historiográficas que reflectan pezas representativas.	CCEC		
b d e n p	B5.8. Arte dos pobos do norte de Europa. Normandos.	B5.8. Identificar as claves expresivas da arte do norte de Europa, tanto en España como no resto do continente.	FA1B5.8.1. Identifica a arte dos pobos do norte de Europa e os elementos similares localizados en España.	CCEC		
Bloque 6. O Románico, arte europea						
b d e h n p	B6.1. Creación e difusión do románico. Orde Beneditina.	B6.1. Explicar a relación da orde Beneditina e a expansión da arte románica.	FA1.B6.1.1. Relaciona a obra dos frades beneditinos e a internacionalización da arte románica. O Canto Gregoriano.	CSIEE CCEC	Exposición teórica Imaxes Música na aula Análise gráfica Análise xeográfica	Unidade 13 3 sesións Febreiro 2ª avaliación
			FA1.B6.1.2. Relaciona o Camiño de Santiago e a súa importancia relixiosa coa aplicación da arte románica.	CSC CCEC		
b d e n p	B6.2. Arquitectura: características e edificios representativos.	B6.2. Identificar os elementos románicos na arquitectura, nomeadamente nos edificios relixiosos.	FA1.B6.2.1. Comenta a evolución da arte naturalista romana á arte simbólica románica.	CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 14 4 sesións Febreiro 2ª avaliación
			FA1.B6.2.2. Recoñece as principais características da arquitectura románica, identificando visualmente os elementos que a diferencian.	CCEC		
			FA1.B6.2.3. Describe os elementos románicos das igrexas españolas máis representativas, indicando posibles engadidos posteriores.	CCEC		
b d e n	B6.3. O milenarismo e a súa influencia na arte.	B6.3. Comentar o mito ou a realidade da teoría milenarista da fin do mundo.	FA1.B6.3.1. Comenta a identificación entre época románica e as teorías milenaristas da fin do mundo xurdidas no romanticismo.	CCL CCEC		
b d e n	B6.4. Pintura románica. Características iconolóxicas. B6.5. Simbolismo románico: luz; mandorla; pantocrátor.	B6.4. Relacionar a iconoloxía medieval e a súa plasmación gráfica.	FA1.B6.4.1. Recoñece a importancia da luz na iconografía da arquitectura románica.	CCEC		

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
	Xerarquización.					
b d e n p	B6.6. Escultura: imaxes relixiosas; capiteis; pórticos.	B6.5. Explicar a finalidade iconográfica da escultura relixiosa e a forma consecuenta con este obxectivo.	FA1.B6.5.1. Explica os elementos formais da escultura románica.	CCEC	Exposición teórica Imaxes	Unidade 15 2 sesións Marzo
b d e n	B6.7. Esquemmatización na representación figurativa: pintura e escultura.	B6.6. Comparar a escultura e a pintura románicas coas creacións anteriores e posteriores.	FA1.B6.6.1. Identifica a iconografía románica.	CCEC	Exposición teórica Imaxes	2 sesións Marzo 2ª avaliación
b d e n	B6.8. Roupa, moblaxe e costumes: vida cotiá.	B6.7. Identificar os obxectos e os elementos característicos da vida cotiá na Idade Media, nomeadamente a vestimenta.	FA1.B6.7.1. Compara a vida cotiá das cidades en época románica coa vida cotiá do Imperio Romano, valorando a calidade de vida e os costumes de unhas e outras.	CD CCEC		
b d e n	B6.9. Pintura románica: narrativa.	B6.8. Comparar a estrutura narrativa románica e bizantina.	FA1.B6.8.1. Comenta a organización narrativa a partir de obras representativas.	CCEC		
b d e n	B6.10. Pintura románica: características formais.	B6.9. Relacionar a pintura románica con técnicas similares posteriores.	FA1.B6.9.1. Relaciona elementos formais da plástica románica con creacións posteriores.	CAA CCEC		
Bloque 7. O Gótico						
b d e n	B7.1. Desenvolvemento económico europeo. Auxe das cidades. B7.2. Gótico: arte europea. Extensión xeográfica.	B7.1. Analizar as claves sociais e técnicas da orixe do Gótico.	FA1.B7.1.1. Analiza a situación económica europea no século XIII e a súa relación co nacemento do Gótico.	CSIEE CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 16 4 sesións Marzo 2ª avaliación
b d e n	B7.3. Arquitectura: edificios públicos e relixiosos. B7.4. Catedral gótica: características.	B7.2. Diferenciar as catedrais góticas doutras anteriores e posteriores.	FA1.B7.2.1. Comenta os elementos góticos e a súa aplicación ás catedrais españolas máis representativas.	CCEC		

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
b d e n	B7.4. Catedral gótica: características. B7.5. Bóveda oxival: rosetón e pináculos. B7.6. Escultura gótica: características.	B7.3. Identificar e nomear correctamente as claves principais da arte gótica: escultura, vidreiras policromadas e arcadas.	FA1.B7.3.1. Identifica e nomea correctamente os elementos principais da arte gótica a partir de fontes historiográficas de mostras representativas.	CCL CCEC		
b d e n	B7.7. Etapas do Gótico: inicial, pleno e florido.	B7.4. Relacionar a arte gótica e a súa revisión no século XIX.	FA1.B7.4.1. Identifica a tipoloxía gótica en edificios cronoloxicamente posteriores, nomeadamente no Neogótico do século XIX.	CAA CCEC		
b d e i n	B7.8. As vidreiras policromadas góticas.	B7.5. Explicar o proceso técnico da creación de vidreiras policromadas.	FA1.B7.5.1. Analiza o proceso de fabricación e instalación das vidreiras policromadas nas catedrais máis representativas.	CMCCT CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 17 4 sesións Marzo
b d e n	B7.9. Escultura: evolución desde a arte románica.	B7.6. Comparar e identificar correctamente a escultura gótica fronte á románica.	FA1.B7.6.1. Explica o cambio formal da escultura románica á gótica.	CCEC		
b d e i n	B7.10. Pintura gótica. Pintura sobre táboa: técnica. Estucado. Dourado.	B7.7. Identificar o proceso técnico da pintura sobre táboa, a preparación e os resultados.	FA1.B7.7.1. Identifica os elementos da pintura gótica a partir de fontes historiográficas.	CD CCEC		
b d e i n	B7.11. Técnica da pintura ao tempero	B7.8. Describir a técnica de pintura ao tempero.	FA1.B7.8.1. Comenta o proceso de fabricación e aplicación da pintura ao tempero.	CSIEE CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	2 sesións Marzo 2ª avaliación
b d e n	B7.12. Vestimentas e costumes.	B7.9. Analizar a vestimenta gótica nas imaxes relixiosas e civís da época.	FA1.B7.9.1. Identifica os elementos característicos da vestimenta gótica a partir de fontes historiográficas.	CD CCEC		

Bloque 8. O Renacemento

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
b d e h n	B8.1. Renacemento: estilo identificador da cultura europea. B8.2. Etapas: Trecento, Quattrocento e Cinquecento. B8.3. Expansión do Renacemento desde Italia ao resto de Europa. B8.4. Florencia (os Medici) e Roma (o papado).	B8.1. Valorar a importancia histórica do estilo do renacemento e a súa transcendencia posterior.	FA1.B8.1.1. Analiza a orixe do Renacemento en Italia.	CAA CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 18 2 sesións Abril
			FA1.B8.1.2. Relaciona as etapas da implantación do Renacemento e a cronoloxía gótica en Europa.	CSC CCEC		
b d e n	B8.5. Arquitectura do renacemento: tipoloxía e edificios principais.	B8.2. Identificar as claves técnicas da arquitectura renacentista e a súa relación coa cultura romana.	FA1.B8.2.1. Comenta a importancia da cultura romana na arte do Renacemento.	CCEC CCL	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	2 sesións Abril
b d e i n	B8.6. Proporción áurea.	B8.3. Recoñecer a proporción áurea nalgún elemento de estilo renacemento: arquitectura, moblaxe, etc.	FA1.B8.3.1. Analiza a relación dos elementos arquitectónicos aplicando a proporción áurea.	CMCCT CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	2 sesións Abril 2ª avaliación
b d e n	B8.7. Pintura: da representación xerárquica medieval á visión realista: de Giotto di Bondone a Piero della Francesca e Masaccio. B8.8. Canon renacentista: Sandro Boticelli. B8.9. Leonardo da Vinci: vida e obras. B8.10. Pintura de Raffaello Sanzio.	B8.4. Identificar as principais obras de artistas do Renacemento italiano.	FA1.B8.4.1. Identifica os cambios na pintura desde o Gótico ata o Renacemento.	CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 19 5 sesións Abril
			FA1.B8.4.2. Recoñece as principais pinturas do Renacemento e a súa autoría.	CCEC		
			FA1.B8.4.3. Analiza a vida e a obra de Leonardo da Vinci.	CSIEE CCEC		
			FA1.B8.4.4. Explica a obra de Raffaello Sanzio, nomeadamente "A escola de Atenas" e os retratos de "La Fornarina" e de "Baltasar de Castiglione".	CCEC		
b d e n	B8.11. Colorido veneciano: Tiziano e Tintoretto. Veronese.	B8.5. Comparar a pintura veneciana e a do resto de Europa.	FA1.B8.5.1. Compara a evolución da pintura do primeiro Renacemento ata o colorido veneciano.	CCEC		
b d e	B8.12. Escultura do Renacemento. Donatello e outros autores emblemáticos.	B8.6. Identificar as esculturas e os traballos en volume máis emblemáticos do Renacemento.	FA1.B8.6.1. Identifica as esculturas e os traballos en volume máis emblemáticos do renacemento.	CCEC	Exposición teórica Imaxes	2 sesións Abril

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
n					Análise gráfica	
b d e n	B8.13. Vestimentas do Renacemento a través da pintura.	B8.7. Analizar as vestimentas da época, nomeadamente na pintura.	FA1.B8.7.1. Analiza as vestimentas reflectidas nos cadros de Veronese.	CD CCEC	Exposición teórica Imaxes	1 sesión Abril 3ª avaliación
b d e i n	B8.14. Perspectiva cónica.	B8.8. Recoñecer as claves técnicas da perspectiva cónica.	FA1.B8.8.1. Describe con detalle o cadro "O lavatorio" de Jacopo Robusti "Tintoretto" e a aplicación técnica da perspectiva cónica.	CMCCT CCEC		
b d e h i n	B8.15. Pintura ao óleo: técnica.	B8.9. Explicar as claves técnicas da pintura ao óleo, referenciando o seu uso en aplicación sobre lenzo.	FA1.B8.9.1. Describe a técnica da pintura ao óleo sobre lenzo e relaciónaa coa pintura anterior sobre táboa.	CMCCT CCEC		
b d e i n	B8.15. Pintura ao óleo: técnica.	B8.10. Valorar a diferenza da técnica da pintura ao tempero e a pintura ao óleo.	FA1.B8.10.1. Debate acerca das características da pintura ao tempero e ao óleo.	CCL CCEC		
Bloque 9. Michelangelo Buonarroti						
b d e n	B9.1. Biografía e a relación co seu ámbito. Relación cos Medici e con Xulio II.	B9.1. Explicar a relación de mecenado entre Michelangelo, os Medici e o papa Xulio II.	FA1.B9.1.1. Comenta a relación dos mecenas e a arte, especialmente entre os Medici, Xulio II e Michelangelo.	CCL CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 20 3 sesións Maio
b d e h n	B9.2. O artista total e a súa relevancia social. B9.3. Obra de Michelangelo como pintor, escultor e arquitecto. B9.4. Arquitectura: San Pedro do Vaticano.	B9.2. Analizar a importancia do concepto de artista total.	FA1.B9.2.1. Recoñece a importancia histórica da obra en conxunto de Michelangelo. FA1.B9.2.2. Analiza a obra arquitectónica, escultórica e pictórica de Michelangelo.	CAA CCEC CD CCEC		
b	B9.5. Pintura. Capela Sixtina:	B9.3. Describir as claves iconolóxicas e	FA1.B9.3.1. Comenta o proceso da creación da pintura ao	CCEC		

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
d e h i n	concepción iconolóxica e iconográfica. B9.6. Pintura ao fresco.	iconográficas nos frescos da Capela Sixtina.	fresco da Capela Sixtina.		teórica Imaxes Análise gráfica	Maio 3ª avaliación
b d e h n	B9.7. Escultura: evolución persoal; obras representativas.	B9.4. Identificar as claves evolutivas na escultura de Michelangelo.	FA1.B9.4.1. Analiza a evolución iconográfica da escultura de Michelangelo, remarcando dun modo especial as esculturas do final da súa vida.	CSIEE CCEC		
Bloque 10. O Renacemento en España						
b d e n	B10.1. Renacemento en España: implantación e cronoloxía. B10.2. Fitos históricos españois: Reis Católicos; Carlos V; Filipe II e a súa relación coa arte. B10.3. Características peculiares da arte española de finais do século XV e do século XVI. Do plateresco a Juan de Herrera.	B10.1. Relacionar a cronoloxía do Renacemento español co italiano.	FA1.B10.1.1. Resume os principais feitos históricos relacionados coa arte española.	CCL CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 21 2 sesións Maio
b d e n	B10.4. Pintores renacentistas e a súa presenza na corte española: Pedro de Berruguete, Tiziano, Hieronymus Bosch e El Greco.	B10.2. Identificar a relación entre a sociedade da época e as artes plásticas.	FA1.B10.2.1. Explica a relación entre o emperador Carlos V e Tiziano. FA1.B10.2.2. Explica a relación errada entre Filipe II e El Greco.	CSIEE CCEC CSIEE CCEC		
b d e n	B10.5. Arquitectura: Pazo de Carlos V. O Escorial. Fachada da Universidade de Salamanca.	B10.3. Recoñecer as principais obras arquitectónicas do Renacemento español.	FA1.B10.3.1. Identifica a tipoloxía do edificio renacentista, referenciada a edificios emblemáticos españois.	CAA CCEC		
b d e n	B10.6. Escultura: retablos. Alonso González Berruguete.	B10.4. Comparar a técnica escultórica da Península Ibérica e do resto de Europa.	FA1.B10.4.1. Compara a escultura relixiosa española coa escultura italiana coetánea. FA1.B10.4.2. Analiza a expresividade na obra de Berruguete.	CCEC CCEC		
b	B10.4. Pintores renacentistas e a	B10.5. Distinguir as obras pictóricas máis	FA1.B10.5.1. Comenta a obra de Hieronymus Bosch e a súa	CSIEE	Exposición	

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
de n	súa presenza na corte española: Pedro de Berruguete, Tiziano, Hieronymus Bosch e El Greco.	importantes do renacemento español.	relación coa monarquía española.	CCEC	teórica Imaxes Análise gráfica	Maio 3ª avaliación
			FA1.B10.5.2. Analiza a obra pictórica de El Greco e a súa relación coa iconoloxía bizantina.	CCEC		
bcde n	B10.7. Sofonisba Anguissola, pintora.	B10.6. Comparar a obra pictórica de Sofonisba Anguissola coa pintura coetánea.	FA1.B10.6.1. Analiza a obra da pintora Sofonisba Anguissola.	CSC CCEC		
bd e n	B10.8. Música renacentista. Instrumentos: compositores.	B10.7. Identificar as claves musicais da música renacentista.	FA1.B10.7.1. Recoñece os instrumentos musicais do Renacemento.	CD CCEC		
			FA1.B10.7.2. Analiza a obra musical de Tomás Luis de Victoria.	CCEC		
bd e n	B10.9. Moblaxe e o vestiario.	B10.8. Recoñecer os obxectos cotiáns e os vestiarios do renacemento.	FA1.B10.8.1. Identifica a tipoloxía do moble do Renacemento: arcas, arquetas, mobles bargueños e cadeiras de frades.	CCEC		
			FA1.B10.8.2. Analiza os traxes dos personaxes dos cadros do Renacemento, nomeadamente na obra de Sánchez Coello.	CCEC		
Bloque 11. O Barroco						
bd e n	B11.1. Orixe. Crise política europea. Guerra dos Trinta Anos. Política española. B11.2. Concilio de Trento e a súa importancia no cambio iconográfico nas imaxes relixiosas. B11.3. Púlpito da catedral de San Pedro. Columna salomónica. B11.4. Imaxinaría española: técnica e temática.	B11.1. Recoñecer as claves da arte barroca.	FA1.B11.1.1. Relaciona a situación política europea coa evolución do Renacemento cara ao Barroco.	CAA CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 22 1 sesión Maio 3ª avaliación
			FA1.B11.1.2. Analiza as instrucións emanadas do Concilio de Trento acerca do xeito de representar nas igrexas.	CSC CCEC		
			FA1.B11.1.3. Analiza o púlpito da basílica de San Pedro e os seus elementos identificativos.	CCEC		
			FA1.B11.1.4. Analiza as peculiaridades da imaxinaría española, canto a temática e técnica.	CCEC		
bd e n	B11.5. Características da arquitectura barroca. B11.6. Borromini. Bernini. Catedral de Murcia.	B11.2. Utilizar correctamente o vocabulario técnico aplicado aos elementos arquitectónicos.	FA1.B11.2.1. Identifica as principais características da arquitectura barroca.	CCL CCEC		
b	B11.7. Exceso, desequilibrio	B11.3. Identificar a asimetría en elementos	FA1.B11.3.1. Relaciona a arte barroca europea e a arte colonial	CCEC		

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
d e n	manierista e asimetría na arte barroca.	da arte barroca e doutras culturas diferentes.	hispanoamericana.			
			FA1.B11.3.2. Compara o barroco con creacións formais recargadas ou barroquistas posteriores.	CCEC		
b d e n	B11.8. Fachadas das igrexas barrocas.	B11.4. Comparar as fachadas renacentistas e barrocas en España.	FA1.B11.4.1. Describe e compara fachadas das igrexas máis representativas da arte barroca.	CCEC		
b d e n	B11.9. Escultura barroca. Bernini.	B11.5. Identificar as obras máis representativas da escultura barroca, en relación cos autores correspondentes.	FA1.B11.5.1. Comenta os principais traballos de Gian Lorenzo Bernini escultor e a súa evolución desde a escultura de Michelangelo Buonarroti.	CCEC		
			FA1.B11.5.2. Analiza a obra "A éxtase de Santa Teresa" e a súa relación con artistas posteriores, por exemplo Dalí.	CCEC		
b d e n	B11.10. Imaxinaría española: Gregorio Fernández, Alonso Cano e Pedro de Mena.	B11.6. Distinguir a escultura hispánica da do resto de Europa.	FA1.B11.6.1. Identifica as principais obras da imaxinaría relixiosa española.	CCEC		
b d e n	B11.10. Imaxinaría española: Gregorio Fernández, Alonso Cano e Pedro de Mena.	B11.7. Comparar a escultura monocromática e a escultura policromada.	FA1.B11.7.1. Compara a escultura de Bernini e de Gregorio Fernández.	CCEC		
b d e n	B11.11. Pintura barroca. B11.12. Tenebrismo: Caravaggio e Ribera. B11.13. Naturalismo: Valdés Leal e Murillo. B11.14. Realismo: Diego de Silva Velázquez. B11.15. Pintura flamenga: Rubens e Rembrandt. B11.16. Costumismo holandés: Vermeer e Carel Fabritius	B11.8. Identificar a pintura barroca, comparando os estilos, por países.	FA1.B11.8.1. Identifica os principais pintores barrocos.	CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 23 2 sesións Maio
			FA1.B11.8.2. Analiza o tratamento da perspectiva en "As Meninas" de Velázquez.	CD CCEC		
			FA1.B11.8.3. Compara a técnica pictórica de Velázquez coa pintura impresionista posterior.	CCEC		
			FA1.B11.8.4. Analiza a obra pictórica de Peter Paul Rubens e Rembrandt Harmenszoon van Rijn.	CCEC		
			FA1.B11.8.5. Explica a pintura costumista holandesa: tratamento pictórico, tamaño do lenzo e técnica.	CSIEE CCEC		
b	B11.12. Tenebrismo: Caravaggio.	B11.9. Comparar a iluminación tenebrista	FA1.B11.9.1. Relaciona a Michelangelo Merisi da Caravaggio con	CCEC		

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
d e n		no barroco e en culturas posteriores.	José de Ribera, Juan de Valdés Leal e Diego de Silva Velázquez.			
b d e n	B11.17. Músicos importantes: Antonio Vivaldi, Claudio Monteverdi, George Friedrich Händel, J. S. Bach, Georg P. Telemann, Jean-Philippe Rameau e Domenico Scarlatti.	B11.10. Recoñecer a música barroca e a súa evolución desde a música renacentista.	FA1.B11.10.1. Recoñece a tipoloxía musical da música barroca.	CCEC	Exposición teórica Música na aula	1 sesión Maio 3ª avaliación
			FA1.B11.10.2. Identifica as pezas máis recoñecibles dos compositores desta época: Vivaldi, Monteverdi, Händel, J. S. Bach, Telemann, Rameau e Scarlatti.	CCEC		
b d e n	B11.18. Música. Nacemento da ópera. B11.19. Elementos compositivos da ópera: música, libreto, escenografía, atrezzo e vestuario.	B11.11. Valorar o nacemento da ópera e a súa transcendencia posterior.	FA1.B11.11.1. Describe os principais compoñentes dunha ópera.	CCEC		
b d e n	B11.20. Moblaxe, indumentaria e artes decorativas do barroco.	B11.12. Identificar a moblaxe e as artes decorativas do barroco.	FA1.B11.12.1. Compara a moblaxe e os traxes do Renacemento cos da época barroca.	CAA CCEC		
b d e i n	B11.21. Caixa escura.	B11.13. Analizar o proceso técnico da caixa escura.	FA1.B11.13.1. Relaciona a caixa escura pictórica coa caixa fotográfica.	CMCCT CCEC		
			FA1.B11.13.2. Comenta o uso da caixa escura, en relación coa obra de Carel Fabritius e outros posibles.	CCEC		
Bloque 12. O Rococó. Francia e o resto de Europa						
b d e n	B12.1. Orixe. Absolutismo político da monarquía francesa. O "Rei Sol" Luís XIV. Luís XV. B12.2. Refinamento sensual. Elegancia. B12.3. Arquitectura. Pazo de Versalles.	B12.1. Comparar a arte barroca e o Rococó, e establecer similitudes e diferenzas.	FA1.B12.1.1. Identifica a orixe do Rococó.	CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	Unidade 24 2 sesións Xuño
			FA1.B12.1.2. Relaciona a situación política francesa e o Rococó.	CCEC		
			FA1.B12.1.3. Analiza a evolución do Barroco ao Rococó.	CAA CCEC		
b d	B12.4. A pintura rococó, relixiosa e profana.	B12.2. Diferenciar a temática relixiosa e a temática profana.	FA1.B12.2.1. Compara a pintura barroca e a pintura rococó.	CCEC		
			FA1.B12.2.2. Analiza a temática do barroco relixioso e a pintura	CCEC		

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
e n	B12.5. Pintores rococós: Watteau, Fragonard e Boucher.		galante francesa.			
			FA1.B12.2.3. Analiza o cadro "L'escarpolette" (O bambán), de Jean-Honoré Fragonard.	CCEC		
b c d e n	B12.6. Marie-Louise-Élisabeth Vigée-Lebrun, pintora.	B12.3. Comparar as obras pictóricas de Marie-Louise-Élisabeth Vigée-Lebrun e os pintores masculinos da súa época.	FA1.B12.3.1. Compara as obras pictóricas de Marie-Louise-Élisabeth Vigée-Lebrun e os pintores masculinos da súa época.	CSC CCEC		
b d e n	B12.7. Pintura rococó en España. Anton Rafael Mengs e Francisco de Goya.	B12.4. Valorar as similitudes e as diferenzas entre a obra pictórica de Anton Rafael Mengs e pintores posteriores, por exemplo Francisco de Goya.	FA1.B12.4.1. Relaciona a obra de Anton Rafael Mengs e os pintores europeos do seu tempo.	CCEC		
			FA1.B12.4.2. Compara as obras de Mengs coas de Goya e establece posibles influencias.	CCEC		
b d e n	B12.8. Imaxinaría española.	B12.5. Comparar o tratamento iconolóxico dos motivos relixiosos entre Gregorio Fernández e Salzillo.	FA1.B12.5.1. Analiza a obra de Francisco Salzillo.	CCEC	Exposición teórica Imaxes Análise gráfica	1 sesión Xuño
			FA1.B12.5.2. Compara o tratamento iconolóxico dos motivos relixiosos entre Gregorio Fernández e Salzillo.	CAA CCEC		
b d e n	B12.9. Música. Mozart: obras principais; óperas.	B12.6. Analizar a obra musical de Mozart: análise, identificación de fragmentos de obras máis populares e comparación con obras doutros autores e doutras épocas.	FA1.B12.6.1. Analiza a obra musical de Wolfgang Amadeus Mozart.	CCL CCEC	Exposición teórica Música na aula	1 sesión Xuño
			FA1.B12.6.2. Recoñece partes importantes dos traballos máis coñecidos de Mozart.	CD CCEC		
			FA1.B12.6.3. Compara as óperas de Mozart con outras de diferentes épocas.	CCEC		
			FA1.B12.6.4. Compara o "Réquiem" de Mozart con obras doutros autores.	CCEC		
b d e n	B12.10. Composicións musicais máis representativas: partes.	B12.7. Describir as partes das composicións musicais.	FA1.B12.7.1. Describe as partes das composicións musicais máis representativas: oratorios, misas, concertos, sonatas e sinfonías.	CCEC		
b d	B12.11. Moblaxe e decoración de interiores. Estilo Luís XV.	B12.8. Analizar as claves estilísticas do estilo rococó, especialmente en vestuarios	FA1.B12.8.1. Analiza a moblaxe rococó.	CSIEE CCEC	Exposición teórica	1 sesión Xuño

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
e n	B12.12. Indumentaria e artes decorativas. B12.13. Manufacturas reais europeas. Porcelana de Sèvres, Meissen e O Bo Retiro. A Real Fábrica de Vidro de La Granja de San Ildefonso (Segovia). B12.14. Xoiaría do século XVIII.	e moblaxe en España e en Europa.	FA1.B12.8.2. Identifica o estilo Luís XV en moblaxe.	CCEC	Imaxes	3ª avaliación
			FA1.B12.8.3. Compara os vestidos da corte francesa co resto de traxes europeos.	CCEC		
			FA1.B12.8.4. Describe o vestuario das clases altas, medias e baixas no século XVIII.	CCL CCEC		
b d e i n p	B12.15. Técnica da cerámica: porcelana e louza. B12.16. Características da cerámica europea e da oriental.	B12.9. Recoñecer a importancia artística da cerámica, e nomeadamente da porcelana, valorando a evolución desde a louza ata as figuras desta época.	FA1.B12.9.1. Analiza a tipoloxía da cerámica europea.	CSIEE CCEC		
			FA1.B12.9.2. Describe a evolución da louza ata a porcelana.	CMCCT CCEC		
			FA1.B12.9.3. Identifica a tipoloxía da cerámica europea en relación á cerámica oriental.	CCEC		
b d e i n	B12.17. Técnica do vidro soprado.	B12.10. Explicar o modo de fabricación do vidro soprado.	FA1.B12.10.1. Identifica as características da fabricación do vidro.	CMCCT CCEC		
			FA1.B12.10.2. Describe o proceso de fabricación do vidro soprado.	CD CCEC		
Bloque 13. O Neoclasicismo						
b d e n	B13.1. Orixe política do neoclasicismo: Luís XVI. B13.2. Arquitectura. Recursos formais gregos, romanos e renacentistas. B13.3. Influencia de Palladio. B13.4. Estilo Imperio en Francia. B13.5. Edificios notables: Ópera de París, Capitolio en Washington e Congreso dos Deputados en Madrid.	B13.1. Identificar as claves do neoclasicismo arquitectónico.	FA1.B13.1.1. Compara a situación política francesa de Luís XVI e o estilo artístico que o relaciona.	CCEC	Exposición teórica Imaxes	Unidade 25 1 sesión Xuño
			FA1.B13.1.2. Relaciona a vida de Napoleón e o estilo Imperio.	CCEC		
			FA1.B13.1.3. Compara os edificios neoclásicos en Europa, e determina as diferenzas e as semellanzas.	CAA CCEC		
			FA1.B13.1.4. Identifica os principais edificios neoclásicos europeos e americanos.	CCEC		
b d e	B13.6. Volta ao clasicismo renacentista.	B13.2. Valorar a transcendencia do neoclasicismo dentro da cultura europea.	FA1.B13.2.1. Analiza as causas da volta ao clasicismo arquitectónico.	CSIEE CCEC		

Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secuenciación Temporalización
n						
b d e n	B13.7. Auxe do orientalismo. Comercio con Oriente. Chinoiseries.	B13.3. Recoñecer os elementos da cultura oriental que se van incorporando progresivamente á cultura europea.	FA1.B13.3.1. Infire a partir do auxe do comercio con Oriente o crecente gusto orientalizante da moda europea.	CSC CCEC		
b d e n	B13.8. Características formais da escultura: sensualidade e dinamismo. Relación coa danza. B13.9. Obras escultóricas e autores salientables: Canova e Carpeaux.	B13.4. Comparar as obras escultóricas dos artistas europeos máis salientables.	FA1.B13.4.1. Compara a obra de Antonio Canova coa escultura anterior.	CCEC		
			FA1.B13.4.2. Recoñece os principais traballos de Canova e Carpeaux.	CCEC		
			FA1.B13.4.3. Compara a escultura de Canova e Carpeaux.	CCEC		
VO.B4.1.4. Planifica o proceso de realización desde a primeira fase de ideación ata a elaboración da obra final.	25%	10%	90%
VO.B4.1.5. Debuxa ou interpreta a información gráfica, tendo en conta as características e os parámetros técnicos e estéticos do produto, para o seu posterior desenvolvemento.	50%	10%	90%
VO.B4.1.6. Desenvolve bosquejos, maquetas ou modelos de proba para visualizar a peza tridimensional e valorar a viabilidade da súa execución.	100%	10%	90%
VO.B4.1.7. Realiza a peza definitiva e presenta o proxecto básico, incorporando a información gráfica e técnica.	100%	10%	90%
VO.B4.1.8. Expón e presenta con corrección os proxectos , argumentándoos e defendéndoos con base nos seus aspectos formais, funcionais, estéticos e comunicativos.	100%	10%	90%
VO.B4.2.1. Planifica o traballo, coordínase, participa activamente, e respecta e valora as realizacións do resto de integrantes do grupo nun traballo de equipo.	25%	10%	90%

Debuxo técnico I- 1º de Bacharelato

Modalidade de Ciencias

Introdución

O debuxo técnico constitúese nunha ferramenta de descrición obxectiva das formas e as súas relacións espaciais. É polo tanto unha linguaxe universal ao servizo da ciencia, da arte e da técnica na que debe presidir a racionalidade e cunha "gramática", baséase na xeometría métrica e proxectiva, nos sistemas de representación e as normas que emanan dos organismos competentes, con base universal nas normas ISO que por medio das AENOR-UNE se implantan en España.

A materia se estrutura en tres grandes bloques formativos:

- 1 Xeometría e debuxo técnico ou xeometría plana.
- 2 Sistemas de representación ou xeometría proxectiva e descritiva.
- 3 Debuxo técnico normalizado.

O debuxo técnico, xa que logo, emprégase como medio de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto que se valla dos aspectos visuais das ideas e das formas para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro e exacto o que se desexa producir; é dicir, como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias.

O alumnado, ao adquirir competencias específicas na interpretación de documentación gráfica elaborada de acordo coa norma nos sistemas de representación convencionais, pode coñecer mellor o mundo. Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de abstracción para, por exemplo, visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante imaxes planas.

Ademais de comprender a complexa información gráfica que nos rodea, cómpre que o estudante aborde a representación de espazos ou obxectos de calquera tipo e elabore documentos técnicos normalizados que plasmen as súas ideas e os seus proxectos, relacionados tanto co deseño gráfico como coa ideación de espazos arquitectónicos ou coa fabricación artesanal ou industrial de pezas e conxuntos.

Durante este curso trabállarase coas competencias relacionadas co debuxo técnico como linguaxe de comunicación e instrumento básico para a comprensión, análise e representación da realidade.

No primeiro bloque, desenvolverase durante o curso os elementos necesarios para resolver problemas de configuración de formas, ao tempo que se analiza a súa presenza na natureza e na arte ao longo da historia, e as súas aplicacións ao mundo científico e técnico.

De xeito análogo, o bloque dedicado aos sistemas de representación desenvolve os fundamentos, as características e as aplicacións das axonometrías, das perspectivas cónicas e dos sistemas diédrico e de planos cotados. Este bloque débese abordar de xeito integrado para permitir descubrir as relacións entre

sistemas e as vantaxes e os inconvenientes de cada un. Ademais, é conveniente potenciar a utilización do debuxo a man alzada como ferramenta de comunicación de ideas e análise de problemas de representación.

O terceiro bloque (sobre a normalización) pretende dotar o/a estudante dos procedementos para simplificar, unificar e obxectivar as representacións gráficas. Este bloque está nomeadamente relacionado co proceso de elaboración de proxectos, obxecto do derradeiro bloque, polo que, aínda que a secuencia establecida sitúa este bloque de maneira específica no primeiro curso, a súa condición de linguaxe universal fai que a súa utilización sexa unha constante ao longo da etapa. O proxecto ten como obxectivo principal que o/a estudante mobilice e interrelacione os elementos adquiridos ao longo de toda a etapa e que os empregue para elaborar e presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño gráfico, industrial ou arquitectónico.

Obxectivos Debuxo técnico I - 1º de Bacharelato

Tal como recolle a lexislación, a materia de Debuxo técnico do bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado determinadas capacidades:

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a linguacastelá.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación

O ensino da materia de Debuxo técnico no 1º curso do bacharelato terá como obxectivo concreto o desenvolvemento das seguintes capacidades do alumnado:

- Utilizar axeitadamente e con destreza tanto os instrumentos como a terminoloxía específica do debuxo técnico.
- Valorar a importancia que ten o correcto acabado e a presentación do debuxo no referido á diferenciación dos distintos trazos que o configuran, a súa exactitude e a limpeza e o coidado do soporte.
- Considerar o debuxo técnico como unha linguaxe científica, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe para poder expresar e comprender a información.
- Coñecer e comprender os principais fundamentos da xeometría métrica aplicada para resolver problemas de configuración e descrición de formas no plano.
- Comprender e empregar os sistemas de representación para resolver problemas xeométricos no espazo e representar figuras tridimensionais no plano.
- Valorar a universalidade da normalización no debuxo técnico e aplicar as principais normas UNE e ISO referidas á obtención, posición e acoutamento das vistas das formas descritas.
- Conseguir a destreza e a rapidez necesarias ao empregar o esbozo e a perspectiva a man alzada como medios de expresión gráfica.
- Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera construción xeométrica tanto de forma individual como colectiva, sendo capaces de establecer con flexibilidade e responsabilidade as relacións necesarias naquelas actividades que requiran dun traballo colectivo.
- Integrar os coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotiá, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.
- Interesarse polas novas tecnoloxías e os programas de deseño, utilizando e valorando as súas posibilidades na elaboración dos planos técnicos dun proxecto.

Nas táboas que se presentan nas seguintes páxinas se especifican para esta materia e nivel:

Obxectivos por estándares

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Competencias clave que abrangue cada estándar

Didáctica metodolóxica

Secuenciación

Temporalización

Criterios de avaliación

Procedemento de avaliación

Probas extraordinarias

Debuxo Técnico 1º de Bacharelato. Modalidade de Ciencias.

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secueciación Temporalización	
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico							
b d e g i l m	B1.1. Trazados xeométricos. B1.2. Instrumentos e materiais do debuxo técnico. B1.3. Recoñecemento da xeometría na natureza. B1.4. Identificación de estruturas xeométricas na arte. B1.5. Valoración da xeometría como instrumento para o deseño gráfico, industrial e arquitectónico. B1.6. Trazados fundamentais no plano. B1.7. Operacións con segmentos. B1.8. Mediatriz. B1.9. Paralelismo e perpendicularidade. B1.10. Determinación de lugares xeométricos. Aplicacións. B1.11. Elaboración de formas baseadas en redes modulares. B1.12. Circunferencia e círculo. B1.13. Ángulos. B1.14. Trazado de polígonos regulares. B1.15. Resolución gráfica de cuadriláteros e polígonos. B1.16. Representación de formas planas. B1.17. Trazado de formas proporcionais. B1.18. Resolución gráfica de triángulos. B1.19. Determinación, propiedades e aplicacións dos seus puntos notables.	B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente.	DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.	CSIEE	Exposición de conceptos Presentacións Exercicios Delineación Deseño creativo	1º Trimestre Unidade 1 Fundamentos do debuxo xeométrico. Delineación 12 sesións	
			DT1.B1.1. 2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas.	CMCCT			
			DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións.	CAA	Exposición de conceptos Presentacións Análise gráfico Exercicios Exame		1º Trimestre Unidade 2 As formas poligonais 12 sesións
			DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións.	CAA			
			DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.	CMCCT			
			DT1.B1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.	CSIEE			

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secueciación Temporalización
	B1.20. Proporcionalidade e semellanza. B1.21. Análise de trazado de formas poligonais por triangulación, radiación e itinerario. B1.22. Construción e utilización de escalas gráficas. B1.23. Transformacións xeométricas elementais: xiro, translación, simetría homotecia e afinidade. Identificación de invariantes. Aplicacións.		DT1.B1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida.	CSIEE	Exposición de conceptos Presentacións Análise Ejercicios Exame	1º Trimestre Unidade 3 Proporcionalidade e semellanza 14 sesións
			DT1.B1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplícaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas.	CAA	Exposición de conceptos Presentacións Análise Ejercicios Exame	1º Trimestre Unidade 4 Transformacións xeométricas 10 sesións
b d e g i l	B1.24. Tanxencias e enlaces. B1.25. Resolución de problemas básicos de tanxencias e enlaces. Aplicacións. B1.26. Construción de curvas técnicas, óvalos, ovoides e espirais. B1.27. Aplicacións da xeometría ao deseño arquitectónico e industrial. B1.28. Xeometría e novas tecnoloxías. B1.29. Aplicacións de debuxo vectorial en 2D. B1.30. Ejercicios de aplicación de trazado de tanxencias e enlaces.	B1.2. Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	DT1.B1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia.	CMCCT	Exposición de conceptos Presentacións Análise gráfico Ejercicios Diseño creativo Exame	2º Trimestre Unidade 5 Tanxencia e enlaces. Curvas técnicas 16 sesións
			DT1.B1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.	CAA		
			DT1.B1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.	CSIEE		
			DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os	CSIEE		

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secueciación Temporalización
			puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.			
Bloque 2. Sistemas de representación						
b d e g i l	<p>B2.1. Fundamentos dos sistemas de representación.</p> <p>B2.2. Sistemas de representación na arte.</p> <p>B2.3. Evolución histórica dos sistemas de representación.</p> <p>B2.4. Sistemas de representación e debuxo técnico. Ámbitos de aplicación.</p> <p>B2.5. Vantaxes e inconvenientes. Criterios de selección.</p> <p>B2.6. Clases de proxección.</p> <p>B2.7. Sistemas de representación e novas tecnoloxías.</p> <p>B2.8. Aplicacións de debuxo vectorial en 3D.</p> <p>B2.9. Sistema diédrico.</p> <p>B2.10. Procedementos para a obtención das proxeccións diédricas.</p> <p>B2.11. Disposición normalizada.</p> <p>B2.12. Reversibilidade do sistema. Número de proxeccións suficientes.</p> <p>B2.13. Representación e identificación de puntos, rectas e planos. Posicións no espazo. Paralelismo e perpendicularidade. Pertenza e intersección.</p> <p>B2.14. Proxeccións diédricas de sólidos e espazos sinxelos.</p> <p>B2.15. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude.</p> <p>B2.16. Procedementos para a</p>	<p>B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos recursos dispoñibles.</p>	<p>DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema.</p>	CCL	<p>Exposición de conceptos</p> <p>Presentacións</p> <p>Análise gráfico</p>	<p>2º Trimestre</p> <p>Unidade 6</p> <p>Fundamentos dos sistemas de representación</p> <p>2 sesións</p>
			<p>DT1.B2.1.2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo.</p>	CCL		
			<p>DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles.</p>	CD		
			<p>DT1B2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada.</p>	CMCCT	<p>Exposición de conceptos</p> <p>Presentacións</p> <p>Análise gráfico</p> <p>Esercicios</p> <p>Exame</p>	<p>2º Trimestre</p> <p>Unidade 7</p> <p>Sistema diédrico</p> <p>22 sesións</p>
			<p>DT1.B2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude.</p>	CAA		
			<p>DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas</p>	CSIEE		

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secueciación Temporalización
	<p>obtención e disposición das proxeccións diédricas.</p> <p>B2.17. Visualización e debuxo a man alzada de axonometrías a partir das vistas principais de pezas sinxelas.</p> <p>B2.18. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude.</p>		<p>tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoñendo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.</p>			
			DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).	CMCCT		
			DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelas, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.	CCEC		
b d e g i l	B2.19. Sistema de planos cotados: aplicacións.	B2.2. Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados, dispoñendo de acordo coa norma as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.	DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.	CAA	Exposición de conceptos Presentacións Análise gráfico Exercicios Exame	3º Trimestre Unidade 8 Sistema de planos cotados 6 sesións
b d e g i l	<p>B2.20. Sistema axonométrico.</p> <p>B2.21. Fundamentos do sistema. Disposición dos eixes e utilización dos coeficientes de redución.</p> <p>B2.22. Sistema axonométrico ortogonal, perspectivas isométricas, dimétricas e trimétricas.</p> <p>B2.23. Sistema axonométrico oblicuo:</p>	B2.3. Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispoñendo a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes de redución	<p>DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.</p>	CCEC		3º Trimestre Unidade 9 Sistema axonométrico 14 sesións
			DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou	CCEC		

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secueciación Temporalización
	perspectivas cabaleiras e militares. B2.24. Aplicación do óvalo isométrico como representación simplificada de formas circulares.	determinados.	planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.			
b d e g i l	B2.25. Sistema cónico central. B2.26. Elementos do sistema. Plano do cadro e cono visual. B2.27. Determinación do punto de vista e orientación das caras principais. B2.28. Paralelismo. Puntos de fuga. Puntos métricos. B2.29. Representación simplificada da circunferencia. B2.30. Sistema cónico oblicuo. B2.31. Representación simplificada da circunferencia. B2.32. Representación de sólidos nos diferentes sistemas.	B2.4. Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final.	DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.	CCL	Exposición de conceptos Presentacións Análise gráfico Exercicios Exame	3º Trimestre Unidade 10 Sistema cónico 12 sesións
			DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.	CSIEE		
			DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.	CMCCT		
Bloque 3. Normalización						
b d e g i l	B3.1. Elementos da normalización consonte a normativa.	B3.1. Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final.	DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación.	CCL	Exposición de conceptos Presentacións Análise gráfico Exercicios Delineación	3º Trimestre Unidade 11 Normalización 8 sesións

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Didáctica metodolóxica	Secueciación Temporalización
b d e g i l	B3.2. Proxecto: necesidade e ámbito de aplicación das normas. B3.3. Formatos. Dobra de planos. B3.4. Vistas. Liñas normalizadas. B3.5. Aplicacións da normalización. B3.6. Escalas. Cotación. B3.7. Debuxo industrial. B3.6. Escalas. Cotación. B3.8. Debuxo arquitectónico. B3.9. Cortes e seccións.	B3.2. Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos, considerando o debuxo técnico como linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para a interpretación de planos técnicos e a elaboración de bosquejos, esquemas, esbozos e planos.	DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.	CSIEE	Exame	
			DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.	CAA		
			DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.	CMCCT		
			DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.	CMCCT		
			DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocas mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.	CSIEE		

Debuxo técnico - 1º de bacharelato

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.

Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia.

Debuxo técnico I Estándares de aprendizaxe	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación		
	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	
		Exames	Traballos
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico	-		
DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.	100%	20%	80%
DT1.B1.1. 2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas.	100%	90%	10%
DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións.	50%	90%	10%
DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións.	100%	90%	10%
DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.	100%	90%	10%
DT1.B1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.	100%	90%	10%
DT1.B1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida.	100%	90%	10%
DT1.B1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplícaa para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas.	50%	50%	50%
DT1.B1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia.	100%	90%	10%
DT1.B1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando	100%	90%	10%

Debuxo técnico I Estándares de aprendizaxe	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación		
	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	
		Exames	Traballos
recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.			
DT1.B1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.	50%	90%	10%
DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	25%	-	100%
Bloque 2. Sistemas de representación	-		
DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema.	100%	20%	80%
DT1.B2. 1. 2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo.	25%	20%	80%
DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles.	50%	20%	80%
DT1B2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada.	100%	90%	10%
DT1.B2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude.	100%	90%	10%
DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoñendo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.	50%	50%	50%
DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).	100%	90%	10%
DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.	50%	50%	50%
DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.	50%	20%	80%

Debuxo técnico I Estándares de aprendizaxe	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación		
	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	
		Exames	Traballos
DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.	100%	90%	10%
DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.	100%	90%	10%
DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.	50%	90%	10%
DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.	50%	90%	10%
DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.	50%	90%	10%
Bloque 3. Normalización	-		
DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación.	25%	90%	10%
DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.	100%	10%	90%
DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.	25%	10%	90%
DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.	50%	90%	10%
DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.	25%	10%	90%
DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocios mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.	25%	10%	90%

Procedemento de cualificación específico de Debuxo Técnico I

Se realizarán exercicios de avaliación cunha periodicidade entre unha e tres veces por avaliación, sempre en función das unidades expostas, a súa carga lectiva e extensión das propias unidades. Isto quere dicir que se farán exames nos que se avalíe só unha unidade e outros nos que se podan avaliar máis de unha unidade. O anterior xustifícase na diferente extensión e carga lectiva das distintas unidades.

En primeiro de bacharelato a metodoloxía comprenderá unha primeira fase de exposición teórica e visualización de exemplos, unha segunda fase de resolución de exercicios de dificultade progresiva e por último a realización de probas de avaliación. A resolución de exercicios alternará o traballo na aula coa corrección na pizarra xunto con exercicios recollidos polo profesor e que serán documentos de avaliación. Esta estrutura variará en determinadas unidades coa elaboración de proxectos creativos de índole técnico como experimentación dos contidos máis ala do clásico exercicio, ditos proxectos serán tamén documentos de avaliación.

A cualificación de cada trimestre será positiva sempre que tódalas probas de avaliación foran superadas. A cualificación será a media aritmética dos exames, tendo en conta que se achará dita media dos exames cunha cualificación igual ou superior a 3,5. Non se aplicará a media matemática dos resultados; cando por exemplo, un alumno teña un exercicio cualificado cun oito (8) e outro cualificado cun dous (2) non obterá a cualificación media de cinco (5). Tamén serán instrumentos de avaliación os exercicios recollidos polo profesor, a asistencia diaria ás clases, a toma cotiá de apuntes e o cumprimento dos prazos fixados para a entrega dos exercicios. Todos estes instrumentos son obxectivos e medibles cara á cualificación final de cada avaliación e da final de curso.

A duración das probas de avaliación será dun mínimo de 50 minutos e un máximo de 90 minutos. Se as probas non foran superadas, se faran probas de recuperación coas mesmas características que as ordinarias. Ó rematar o curso poderá facerse unha proba final extraordinaria, para que os alumnos que non superaron nin recuperaron os contidos das anteriores avaliacións o podan facer, así mesmo, neste exercicio se poderá facer, para os alumnos que queiran, unha proba para mellorar a súa cualificación final.

Debuxo artístico II- 2º de Bacharelato

Modalidade de Artes

Introdución

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Debuxo artístico I de 1º de bacharelato, neste segundo curso afondarase nas destrezas e nos conceptos do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa. Sendo o segundo ano que cursan esta materia, os alumnos poden perfeccionar as súas destrezas e experimentar dun xeitao máis expresivo e menos técnico que o ano anterior.

A materia Debuxo Artístico II achega coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico II aséntanse nas de Debuxo Artístico I. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia perfeccionando as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos pessoais e globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballou a materia de forma máis obxectiva, para dedicar este segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural. O coñecemento dos antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

Existe un importante número de alumnos que entran no bacharelato artístico como base para estudar posteriormente titulacións de deseño gráfico, asimesmo manifestan moito interese polo *manga* xaponés. Ao rematar este curso os alumnos que superaron o curso poderán facer as probas de acceso á universidade. Por decisión da administración, que carece de sensibilidade artística, de perspectiva artística e que non se dá conta do significado da formación artística e do peso que esta ten na vida e na sociedade, decidiu suprimir o exame desta materia nas probas de acceso á universidade, eso despois de quitarlle un 25% de tempo semanal.

Os nosos obxectivos non se centran tanto como no pasado na preparación destas probas, e permite unha maior liberdade á hora de programar as actividades.

Debuxo artístico II- 2º de Bacharelato

Obxectivos

Tal como recolle a lexislación, a materia de Debuxo Artístico II do bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado determinadas capacidades:

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

O ensino da materia de Debuxo Artístico no 2º curso do bacharelato terá como obxectivo concreto o desenvolvemento das seguintes capacidades do alumnado:

- Interpretar as formas desde diferentes formulacións estéticas e significativas, realizando modificacións que leven a resultados diverxentes respecto das formas iniciais.
- Comprender e valorar a importancia do estudo do natural das formas orgánicas.
- Aplicar as variables da forma na composición, experimentando coas relacións entre os elementos gráfico-plásticos desta.
- Desenvolver a memoria visual e retentiva, mediante a realización de exercicios que potencien os mecanismos perceptivos e expresivos ao servizo da representación artística.
- Coñecer, apreciar e empregar de forma axeitada as posibilidades expresivas das distintas técnicas e materiais, utilizándoas dunha maneira ordenada e eficaz.
- Desenvolver a sensibilidade artística, concienciándose da necesidade do equilibrio entre emoción e razón, necesario para a aprendizaxe do debuxo artístico.

- Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos como medio de expresión das propias ideas e como recurso para comprender mellor as expresións plásticas alleas.
- Expresarse de xeito libre por medio da creación de imaxes.

Nas táboas que se presentan nas seguintes páxinas se especifican para esta materia e nivel:

Obxectivos por estándares

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Competencias clave que abrangue cada estándar

Metodoloxía didáctica

Secuenciación

Temporalización

Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe

Criterios de cualificación

Instrumentos de avaliación

Avaliación de alumnado con materia pendente

Probas extraordinarias

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Metodoloxía didáctica	Secuenciación temporalización	
Bloque 1. A forma. Estudo e transformación							
185. b 186. i 187. m 188. n 189. d 190. g	191. B1.1. Percepción e descrición obxectiva da forma.	192. B1.1. Desenvolve a destreza debuxística con distintos niveis de iconicidade.	193. DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas).	194. CSIEE 195. CCEC	196. Exposición. teoría. 197. Imaxes. 198. Análise gráfica	199. Unidade 1 200. Percepción e interpretación da forma. 201. 1ª Avaliación 202. Setembro-outubro.	
203. b 204. i 205. m 206. n 207. d 208. g	209. B1.2. Modelo analítico e modelo sintético. 210. B1.3. Retentiva e memoria visual. Consideracións mnemotécnicas.	211. B1.2. Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas.	212. DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.	213. CCEC 214. CD	215. Bloc debuxo.		
Bloque 2: A expresión da subxectividade							
216. b 217. i 218. m 219. n 220. d 221. g	222. B2.1. Psicoloxía da forma e a composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que rexen a intención expresiva das creacións plásticas.	223. B2.1. Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva visual.	224. DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.	225. CSIEE 226. CCEC	227. Bloc debuxo. 228. Imaxes.	229. Unidade 2 230. Representación, composición e expresión. 231. 1ª Avaliación 232. Novembro-diciembre	
233. b 234. i 235. m 236. n 237. d 238. g 239. p	240. B2.2. Comportamento e interrelación das formas tridimensionais no espazo.	241. B2.2. Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual.	242. DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas). 247. DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.	243. CCL 244. CCEC 248. CAA	245. Bloc debuxo. 246. Imaxes.		
249. b 250. i 251. m 252. n	255. B2.3. Valor expresivo da luz e da cor. 256. B2.4. Ruptura da tradición	257. B2.3. Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica.	258. DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.	259. CCL	260. Bloc debuxo.	261. Unidade 3 262. Luz e cor.	

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Metodoloxía didáctica	Secuenciación temporalización	
253. 254.	d g	figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade.				263. 264.	2ª Avaliación Xaneiro-febreiro
Bloque 3. Debuxo e perspectiva							
265. 266. 267. 268. 269. 270. 271.	b i m n d g p	272. B3.1. Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo. 273. B3.2. Representación da forma con fins expresivos.	274. B3.1. Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos.	275. DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista. 283. DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista. 286. DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.	276. CSC 284. CSIEE 285. CCEC 287. CSIEE 288. CCEC	277. Bloc debuxo. 278. Imaxes.	279. Unidade 4 280. Volume, espazo e perspectiva. 281. 2ª Avaliación 282. Marzo
Bloque 4. O corpo humano como modelo							
O departamento conta cunha dotación bibliográfica básica para as distintas materias. En Educación plástica, visual e audiovisual da ESO dispoñemos de exemplares dunhas poucas editoriais. En debuxo técnico as modificacións legislativas non son moitas e hai abundante material editado e todo tipo de recursos didácticos dispoñibles.

Dadas estas circunstancias, non hai fixado ningún libro de texto obrigatorio para ningunha materia. Todo o material será elaborado polos membros do departamento, empregándose tanto apuntes en fotocopias como arquivos en soporte dixital ou noutro tipo de soporte.

Empregaranse os recursos abalar en 1º, 3º e 4º de ESO, a pesar das reducidas dimensións das pantallas dos equipos, pero valórase facer uso para determinadas unidades, non de xeito xeral.

A posibilidade do emprego da aula virtual está condicionada á dispoñibilidade de equipos informáticos e conexión a internet da que dispón o alumnado na súa casa.

Avaliación

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación para cada materia e nivel quedan recollidos nas táboas correspondentes adxuntas a este documento.

Procedementos de avaliación.

Se fará unha avaliación continuada o longo de todo o proceso didáctico. Ao ser esta unha materia eminentemente procedimental, é fundamental o contacto de cotío co alumno, de xeito que o proceso ensino-aprendizaxe se poda adecuar en cada momento cara a consecución dos obxectivos.

Haberá un seguimento sistematizado do alumno respecto á materia e respecto ao grupo. En concreto os aspectos a ter en conta son:

- Observación periódica.
- Traballos e apuntes, esbozos, probas, etc.
- Emprego dos materiais e medios.
- Axeitamento ao tema proposto.
- Calidade estética.
- Esforzo persoal.
- Interese polos aspectos da materia.
- Creatividade.

Tamén se fomentará a autoavaliación coa intención de que o alumno desenvolva os criterios de valoración persoal e externa.

A avaliación do nivel acadado, en relación ás capacidades, e seguindo os obxectivos desenvoltos a traves dos contidos, non se basa na nota numérica media dos exercicios feitos ao longo das distintas avaliacións. Tampouco se basea na valoración media das cualificacións parciais obtidas nas distintas actividades. Baséase na valoración media e progresiva dos diferentes parámetros ou criterios e as porcentaxes correspondentes que se establecen para cada un dos niveis. As probas obxectivas tipo exame realizaranse coa temporalidade que se recolle no apartado de temporalización de cada materia e nivel. Podendo ser probas de trimestre ou probas por unidade ou unidades didácticas. Estas probas cualificaranse de 0 a 10 e serán individuais, aportando á nota global a porcentaxe que queda especificada en cada materia e nivel. Unha parte importante da avaliación, por ser moitas das nosas materias procedimentais, obterase da observación diaria do profesorado que terá en conta o comportamento, a actitude de cara á materia , a atención prestada na aula e o traballo práctico diario realizado tanto na aula como na casa.

Perda do dereito de avaliación continua

As faltas de asistencia individuais ás actividades docentes, deberán ser debidamente xustificadas polo pai, nai ou titor legal para os alumnos menores de idade e poderá ser xustificada de xeito personal polo alumnado maior de idade, ante o profesor titor do grupo. Esta xustificación deberá facerse efectiva e sempre coa documentación axeitada ao xuízo do titor.

A falta inxustificada a clase de xeito reiterado pode provocar a imposibilidade de aplicación correcta dos criterios de avaliación e a propia avaliación continua, e polo tanto, pode levar consigo a aplicación de sistemas extraordinarios de avaliación. O alumnado poderá perder o dereito a avaliación continua nas distintas áreas ou materias segundo os criterios recollidos na normativa do centro.

A perda do dereito de avaliación continua será comunicado de xeito escrito polo profesor e será asinada a comunicación por parte do alumno e do seu titor legal se o houbera.

Avaliación de alumnado con materias pendentes de cursos anteriores

Materias pendentes de ESO

Para o alumnado con materias pendentes de Educación plástica, visual e audiovisual o Departamento programará as actividades para cada trimestre. Ao alumnado se lle entregará o conxunto de exercicios temporalizados e coas datas límite de entrega para cada unha das avaliacións. O Xefe do Departamento estará a súa disposición para explicar e aclarar cantas dúbidas teñan e así poder seguir de xeito máis polo miúdo o proceso de elaboración dos traballos. Se o alumnado así o demandara, o Xefe do departamento realizará no tempo de lecer sesións de reforzo ou axuda para este alumnado.

O alumnado será avaliado segundo os criterios de avaliación e o seu grao mínimo de consecución tal como quedan reflectidos nas táboas das páxinas da programación. Procederá a cualificar ao alumnado por trimestre a partir dos traballos entregados. Se o alumnado, seguindo este procedemento, fora avaliado positivamente nas dúas primeiras avaliacións non terá que facer o exame final ordinario no mes de abril. Se non entregara os traballos, ou fora avaliado negativamente nalgún dos distintos trimestres e non acadara a nota mínima de 5, terá que facer, de xeito obrigatorio a proba ordinaria de abril. A data de convocatoria para dita proba, así coma as datas límite de entrega serán postas en coñecemento do alumnado durante o primeiro mes de curso. Cada alumno recibirá o conxunto de actividades cun índice de referencia na que constarán as instrucións para facelas, as datas límite de entrega por trimestre e da proba final, asinando un “recibi” conforme.

Materias pendentes de Bacharelato

Para a avaliación de materias pendentes do bacharelato programaranse actividades de xeito periódico con reunións para a coordinación das mesmas, entrega de material, explicacións e resolucións de dúbidas e entrega de traballos. Programaranse de xeito acordado co alumnado os exames de avaliación.

O desenvolvemento destas materias farase segundo a programación correspondente das materias, pero tendo en conta que ao non poder asistir ás sesións como se cursaran de xeito ordinario, dito desenvolvemento verase simplificado e polo tanto reducido.

Os instrumentos de avaliación aplicaranse en función do grao mínimo de consecución, xa que ao cursaren ao mesmo tempo 2º de Bacharelato nestas materias moitos dos contidos xa os repasarán na aula e os aspectos máis significativos poderán aprendelos no día a día. Elimínanse todos os contidos referentes ao manexo de ferramentas TIC e utilización de *software* específico así como a realización destas actividades. Esta eliminación está xustificada pola imposibilidade de desenvolver ditos contidos prácticos ao non dispoñer de horas nas aulas de informática.

Cualificación

Sistemas de cualificación

Os criterios de cualificación quedan reflectidos nos apartados correspondentes para cada materia e nivel. Nas distintas táboas quedan recollidas as porcentaxes, grao mínimo de consecución e peso da cualificación para os distintos estándares e criterios de avaliación.

Os instrumentos de avaliación se axustarán en todo momento ao exposto na aula e aos contidos recollidos nesta programación, sendo esta aberta e podendo sufrir modificacións sempre que exista o acordo do departamento. Todos os procedementos de avaliación o serán dun xeito flexible e aplicando o sentido común, tendo como referente os valores numéricos.

O procedemento de avaliación para a avaliación extraordinaria se basará nunha única proba na que se reflectirán os coñecementos dun xeito o máis global posible. Dita cualificación das probas extraordinarias poderá matizarse se o alumnado presenta traballos feitos no verán.

Obtención das cualificacións de avaliación

A cualificación das avaliacións así como a final do curso non serán simplemente o resultado de achar a media matemática entre as distintas probas de avaliación (exercicios e exames). A cualificación estará tamén supeditada á entrega de todos os exercicios nos prazos fixados e non serán avaliados positivamente os alumnos que non entregaran a maioría dos traballos ou unha parte salientable, anque superen as probas tipo exame. Se valorará positivamente a entrega de calquera traballo antes da data fixada, así como a entrega de exercicios ou traballos voluntarios. Se a data de entrega non fora respetada a cualificación da actividade será modificada, restándolle puntuación en función do número de días de retraso, e tendo en conta se hai ou non reiteración. Esta medida é compensatoria; non sería xusto que se cualificará do mesmo xeito un traballo que se fixo no prazo acordado que un que se fixo nun prazo maior.

No caso das materia máis procedimentais como Educación plástica, visual e audiovisual, Debuxo artístico I e II Volume I, a realización dos traballos e exercicios ten unha maior importancia de cara á avaliación que a realización dos posibles exames. Todos os alumnos deberán presentar os traballos e exercicios nos prazos fixados. De non ser así o sistema de recuperación consistirá na entrega dos traballos e exercicios non entregados ou a repetición daqueles que foran avaliados negativamente. No caso de non entregar un número significativo de exercicios ao longo das avaliacións, para recuperar e poder ser avaliado positivamente, o alumno terá que entregar os traballos pendentes xunto con outros de carácter complementario. Sendo estas unhas materias fundamentalmente procedimentais, e tendo en conta que nestes niveis é fundamental dito desenvolvemento práctico, o traballo diario terá unha importancia superior ás probas de avaliación. Neste sentido a recuperación da materia avaliada negativamente en xuño na convocatoria extraordinaria de setembro se poderá basar na realización de traballos de recuperación e complementarios durante o verán xunto coa proba extraordinaria de setembro.

Para obter a cualificación de avaliación de trimestre dun alumno se procederá a calcular a media aritmética coas porcentaxes correspondentes de probas tipo exame e outros exercicios, actividades, etc. Tendo en conta que na maior parte dos casos o valor numérico de esa cualificación non é un número enteiro, se procederá ao redondeo por aproximación tendo en conta a actitude do alumno, respecto das normas, cumprimento dos prazos de entrega, asistencia regular, puntualidade e o esforzo e interese que o alumno amose de cara a materia.

Para achar a cualificación final ordinaria do curso se achará a media aritméticas dos tres trimestres. Se o resultado non é un número enteiro farase o redondeo ao número enteiro superior se a parte decimal é igual ou superior a 5. Dito redondeo só se aplicará cando todas as avaliacións fosen cualificadas cunha nota igual ou superior a 4. Tampouco se fará o redondeo ao enteiro superior cando a avaliación do terceiro trimestre sexa inferior a 3 puntos respecto da avaliación anterior. Tamén poderá facerse o redondeo ao enteiro superior naqueles casos nos que as cualificacións dos tres trimestres sexan progresivas e ascendentes.

Probas ordinarias

Para a realización de calquera das probas ordinarias que se desenvolvan ao longo do curso, o alumnado ten a obriga de traer todo o material necesario, e non será función do profesorado do departamento aportar material ao alumnado, agás situacións excepciónais que a criterio do profesor da materia, considere flexibilizar a norma anterior.

Durante a realización das probas obxectivas de avaliación tipo control ou exame, o alumnado non poderá empregar ningún tipo de fonte de información allea aos seus coñecementos, é dicir, non poderá empregar as chamadas “chuletas”, os chamados “cambiazos”, copia de libros ou apuntes, ou ningún tipo de dispositivo electrónico, xa sexa directamente ou a través de persoas alleas ao grupo de xeito que dende fóra da aula comuniquen as respostas das probas. O emprego de métodos non lícitos na realización de calquera tipo de exame, terá como consecuencia a perda da obxectividade na súa corrección e cualificación, sendo anulada a totalidade do seu contido. De ser sorprendido empregando calquera dos métodos anteriores, ou se se demostra o seu uso, o exercicio quedará anulado, non tendo dereito á súa corrección e puntuándose de xeito automático cunha cualificación de cero (0).

Do mesmo xeito, se se apreciará que na entrega de exercicios, un alumno non foi o autor do traballo, este non será cualificado ata que o alumno, por medio dunha proba obxectiva extraordinaria, sexa capaz de demostrar a súa autoría. De non poder demostrala, o traballo ou traballos presentados quedarán anulados ao ter a certeza de que de xeito obxectivo o alumno non foi quen de facelos, e polo tanto a súa cualificación nesos traballos ou exercicios será de cero (0).

Probas extraordinarias

Para a realización de calquera das probas extraordinarias, o alumnado ten a obriga de traer todo o material necesario, e non será función do profesorado do departamento aportar material ao alumnado, agás situacións excepciónais que a criterio do profesor da materia, considere flexibilizar a norma anterior.

Durante a realización das probas obxectivas da avaliación extraordinaria, o alumnado non poderá empregar ningún tipo de fonte de información allea aos seus coñecementos, é dicir, non poderá empregar as chamadas “chuletas”, os chamados “cambiazos”, e ningún tipo de dispositivo electrónico co que persoas alleas ao grupo e dende fóra da aula comuniquen as respostas das probas. O emprego de métodos non lícitos na realización dos exames extraordinarios, terá como consecuencia a perda da obxectividade na súa corrección e cualificación, sendo anulada a totalidade do seu contido. De ser sorprendido empregando

calquera dos métodos arriba citados, ou se se demostra o seu uso, o exercicio quedará anulado, non tendo dereito á súa corrección e puntuándose de xeito automático cunha cualificación de cero (0).

Educación plástica, visual e audiovisual

O profesor poderá programar, en función dos resultados acadados por cada alumno na convocatoria ordinaria, actividades de recuperación para seren desenvolvidas durante o verán, de xeito que o proceso de recuperación da materia sexa específico para cada alumno.

Para a obtención da cualificación na convocatoria extraordinaria se procederá, por una parte coa correspondente nota do exame cualificado de 0 a 10, e por outra, se aplicará unha matización en sentido positivo naqueles casos que o alumnado presente traballos feitos no verán. De non obter unha cualificación cun número enteiro se procederá ao redondeo; se a parte decimal é menor ou igual que 5 a cualificación final será o enteiro da nota do exame, se a parte decimal é maior que 5 se redondeará ao enteiro superior consecutivo.

Materias de Bacharelato

Para a obtención da cualificación na convocatoria extraordinaria se procederá coa correspondente nota do exame extraordinario cualificado de 0 a 10. De non obter unha cualificación cun número enteiro se procederá ao redondeo; se a parte decimal é menor ou igual que 5 a cualificación final será o enteiro da nota do exame, se a parte decimal é maior que 5 se redondeará ao enteiro superior consecutivo.

Recuperación de probas ou avaliacións non superadas

Os alumnos que non superaran unha proba ou avaliación durante o curso terán que realizar actividades de recuperación e reforzo ou exames de recuperación. A forma de recuperación queda definido do seguinte xeito para as distintas materias e niveis:

Educación plástica, visual e audiovisual – 1º de ESO	Exercicios de recuperación
Educación plástica, visual e audiovisual – 3º de ESO	Exercicios de recuperación
Educación plástica, visual e audiovisual – 4º de ESO	Exercicios de recuperación
Debuxo artístico I- 1º de Bacharelato	Exercicios de recuperación
Debuxo técnico I- 1º de Bacharelato	Exame por unidade ou unidades
Cultura audiovisual I- 1º de Bacharelato	Exercicios de recuperación e/ou exame
Fundamentos da arte I- 1º de Bacharelato	Exercicios de recuperación e/ou exame
Volume I- 1º de Bacharelato	Exercicios de recuperación
Debuxo artístico II- 2º de Bacharelato	Exercicios de recuperación
Debuxo técnico II- 2º de Bacharelato	Exame por unidade ou unidades

Cultura audiovisual II- 2º de Bacharelato
Fundamentos da arte II- 2º de Bacharelato
Deseño- 2º de Bacharelato

Exercicios de recuperación e/ou exame
Exercicios de recuperación e/ou exame
Exercicios de recuperación e/ou exame

Acreditación de coñecementos para determinadas materias de bacharelato

Nas materias de contidos progresivos de 2º de Bacharelato, ata o momento só está contemplado o Debuxo técnico II. Coa posibilidade de cambio de modalidade entre 1º e 2º de bacharelato a nova lexislación non contempla dita acreditación para as materias de Debuxo artístico II, Fundamentos da arte II e Cultura Audiovisual II.

Se houbera algún alumno que opte por cursar Debuxo técnico II, sen ter cursado Debuxo técnico I, terá que superar as probas correspondentes á materia de debuxo técnico II nas 1ª e 2ª avaliacións, ou presentarse á proba do mes de abril con toda a materia de debuxo técnico I.

Para os alumnos que cambien en 2º de bacharelato pola modalidade de artes, terán que cursar as materias obrigatorias desta modalidade correspondente a 1º de bacharelato, en concreto as materias de Debuxo Artístico I, Fundamentos da Arte I e Cultura audiovisual I. Se o alumno repite curso e ademais solicitou un cambio de modalidade ao bacharelato de artes, terá que cursar as materias chave das de segundo, en concreto Debuxo artístico I, se cursa Debuxo artístico II, Fundamentos da Arte I e Cultura audiovisual I. Esta situación é similar a ter unha materia pendente, polo que o seguimento e avaliación destes alumnos será responsabilidade do Xefe do Departamento, que poderá delegar dita labor nos profesores das materias sinaladas sempre que impartan materias de 2º de bacharelato ao alumnado que se atope nesta situación.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Os indicadores de logro que empregaremos son os que seguen:

Planificación

- A programación está deseñada en relación co currículo establecido no decreto 86/2015.
- A programación está redactada cunha linguaxe clara.
- Están temporalizados os estándares de aprendizaxe trimestralmente, establecendo unha relación entre os obxectivos e as competencias clave.
- Establecéronse de xeito explícito os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguemento do progreso dos alumnos e comprobar o grao de consecución dos estándares e competencias.
- Farase a planificación con cada grupo tendo en conta a programación da materia.
- Están seleccionados e secuenciados os contidos da programación de aula cunha distribución e unha progresión axeitada ás características de cada grupo de alumnos.
- Adoptaranse estratexias e se programarán actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características dos alumnos.
- As clases planificaranse de xeito flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos...) axustados á programación didáctica e, axustando sempre, o máis posible ás necesidades e intereses dos alumnos.
- Previsión das actividades de recuperación para o alumnado que non acadou os obxectivos.
- Valorar a diversidade á hora de facer a programación.
- A programación concreta os elementos transversais a traballar en cada curso.
- A programación establece de xeito explícito as actividades complementarias e extraescolares.
- Coordinación co profesorado do departamento.
- Coordinar a actividade educativa de co resto do profesorado (xa sea por nivel ou departamentos)

Desenvolvemento**Información**

- Informar aos alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.
- Informar ás familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.

Motivación inicial dos alumnos

- Presentar ou propoñer un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.
- Plantexar situacións introdutorias previas ao tema que se vai tratar (traballos, diálogos, lecturas...).

Motivación ao longo de todo o proceso

- Manter o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.
- Comunicar a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real...
- Dar información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas. Presentación dos contidos e obxectivos.
- Relacionar os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos alumnos.
- Estructurar e organizar os contidos dando una visión xeral de cada tema (qué teñen que aprender, qué é fundamental e importante...)
- Facilitar a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando...

Actividades na aula

- Plantexar actividades que aseguren a adquisición dos estándares previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.
- Propoñer aos alumnos actividades variadas (de diagnóstico, de introducción, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).
- Proporcionar información ao alumnado sobre a execución das tarefas e cómo melloralas.
- No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propoñer novas actividades que faciliten a súa adquisición ou reforzo.
- No caso de que os logros sexan acadados nun breve período de tempo, propoñer novas actividades que faciliten un maior grado de adquisición para os alumno con maiores capacidades.
- Propoñer actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución.
- Ter en consideración as indicacións do departamento de orientación no caso de ter que adoptar medidas co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Nas actividades debe existir un equilibrio entre as actividades individuais e os traballos en grupo.
- Á hora de constituir grupos, ter en conta os seguintes criterios: niveis homoxéneos ou heteroxéneos, sorteo...
- Á hora de realizar actividades ter en conta as dinámicas cooperativas.

Recursos e organización da aula

- Repartir o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na aula).
- Adoptar distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar, etc., a procura sempre dun adecuado clima de traballo.
- Utilizar recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.

Instruccións, aclaracións e orientacións ás tarefas dos alumnos:

- Comprobar, de diferentes xeitos, que los alumnos comprenderon a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso...
- Facilitar estratexias de aprendizaxe: cómo solicitar axuda, cómo buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, fomentar participación de todos...

Clima da aula

- As relacións dentro da aula e as que éstos establecen entre sí deben ser correctas, fluidas e dende unhas perspectivas non discriminatorias.
- Favorecer a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos e reaccionar de xeito ecuánime ante situacións conflitivas.
- Fomentar o respecto e a colaboración entre los alumnos e aceptar as súas suxerencias e aportacións, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.
- Proporcionar situacións que faciliten aos alumnos o desenvolvemento da afectividade como parte da súa educación integral.

Seguimento/ control do proceso de ensino-aprendizaxe:

- Revisar e corrixir frecuentemente os contidos, actividades propostas (dentro e fóra da aula, adecuación da temporalización, agrupamentos e materiais empregados).
- Proporcionar información ao alumno sobre a execución das tarefas e cómo pode melloralas e favorecer os procesos de autoavaliación e coavaliación.
- Coordinación con outros profesionais (profesores de apoio, equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica, Departamento de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos... aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.

Táboas para recollida da información

Avaliación do proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
Indicadores de logro - Procesos de ensino	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Indicadores de logro – Práctica docente	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				

3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
Indicadores de logro				
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				

3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				

22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción?				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Medidas de atención á diversidade

O desenvolvemento da materia de Educación plástica, visual e audiovisual debe ter en conta as diferentes características que presenta o alumnado. Estas diferencias poden ser de motivación, interese ou de capacidades. O enfoque metodolóxico deberá posibilitar unha acción aberta, de xeito que, tanto a nivel de contidos como nos plantexamentos didácticos podan variar segundo as necesidades específicas da aula ou do alumnado.

O material didáctico elaborado polas editorias, fundamentalmente os libros de texto, esquecen ao alumnado zurdo. As explicacións, métodos e apuntes que forman parte da materia serán, nos casos necesarios, adaptados especificamente para este alumnado. Un exemplo pode ser o manexo do escuadro e do cartabón ou o trazado de ángulos con estas ferramentas.

Para acadar os mellores resultados, e tendo en conta a complexidade dalgúns dos contidos, a atención a diversidade debe estar sempre presente na actividade docente. Dita atención poderá contemplarse na programación de aula, na metodoloxía e nas actividades de reforzo e ampliación.

No que se refire á programación, nesta área atopamos contidos nos que a comprensión dalgúns aspectos esixen un alto nivel de comprensión espacial ou un nivel de execución moi especializado. Tendo en conta que non todo o alumnado adquire ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados e a capacidade correspondente, a programación de aula estará deseñada de xeito que asegure un nivel mínimo para o conxunto, prestando oportunidades de recuperar. A secuenciación dos contidos é cíclica, isto permite retomar conceptos básicos que garanten a súa comprensión por parte do alumnado. Metodoloxicamente, as estratexias didácticas concretas que van aplicarse na aula contemplan a diversidade a partir da avaliación inicial, pero tendo presente que dita avaliación non ten como finalidade situar ao alumnado nun nivel académico dentro do grupo. Tendo tamén en conta que as capacidades artísticas — xa sexan motrices ou creativas— marcan moitas diferenzas entre o alumnado, sempre que sexa posible organizarse dentro do grupo tres niveis de aprendizaxe:

- O nivel xeral para a maioría da clase.
- Un nivel para alumnado con dificultades de aprendizaxe nesa materia, con actividades simplificadas e de reforzo nos aspectos fundamentais.
- Un nivel complementario para aquel alumnado con maior capacidade de asimilación de conceptos, maior destreza manual ou máis facilidade de expresión artística, para evitaren frustración por aburrimiento.

En canto ás actividades de reforzo e ampliación nesta materia plantexaranse exercicios de reforzo para aquel alumnado que non acadara o nivel mínimo, xa sexa coa finalidade de recuperar como a de consolidar contidos non asimilados totalmente. As actividades de ampliación terán como finalidade asentarse nos contidos básicos que todo o alumnado necesita para afrontar un determinado nivel académico e que non foron acadados en anos anteriores, así mesmo poderán incluírse actividades para o alumnado que superando ampliamente o nivel medio demande actividades máis especializadas.

Nos niveis de 1º de ESO e 3º de ESO atópase alumnado con dificultades de aprendizaxe. Para este alumnado o departamento elaborará as correspondentes adaptacións curriculares significativas individuais, que serán supervisadas polo departamento de orientación. Para unha atención máis personalizada deste alumnado, cando menos nunha das sesións semanais poderá asistir persoal de pedagogía terapéutica para axudar e reforzar as actividades.

Actividades complementarias e extraescolares

O Departamento de Debuxo non ten programada ningunha actividade complementaria nin extraescolar fixa. En función da programación de actividades do Museo de Pontearreas, MARCO de Vigo, Fundación Abanca, Museo Municipal Quiñones de León de Vigo, Museo Provincial de Pontevedra , Fundación Barrie de la Maza, CGAC de Santiago, Cidade da Cultura de Santiago, Museo Cerralves de Oporto,...poderán realizarse actividades coma talleres e visitas guiadas. Estes organismos realizan exposicións todos os anos con visitas programadas para escolares e con unidades didácticas específicas e talleres didácticos.

Contémplase a posibilidade de facer una visita á ESAD (Escola de Arte Dramático) de Vigo, ao IES Audiovisual de Vigo e á Facultade de Belas Artes de Pontevedra, e/ou a realización no noso centro de charlas explicativas sobre os estudos que ofertan estas escolas.

O departamento participará nas actividades complementarias que sexan propostas no centro ao longo do curso como o Samaín, día da Paz, día das Letras Galegas, celebración do Antroido, Loita contra a violencia de xénero, defensa dos dereitos humanos, da igualdade e dos colectivos LGTBI, etc.

En concreto as actividades propostas e aprobadas polo Consello Escolar son as seguintes:

Nome da actividade	Obxectivo e curso ao que vai destinado	Data ou aproximación da mesma
Excursión a Porto	Visita ao Museo Serralves, Centro Prtugués de fotografía, Museo da Misericordia, WOW. Alumnado do 2º Bacharelato de Artes.	2º trimestre
Excursión a Pontevedra	Visita á Facultade de Bellas Artes, Museo Provincial e Escola de Ilustración e Banda Deseñada “El Garaje Hermético” de Pontevedra, PAAR de Campolameiro. Alumnado do 1º Bacharelato de Artes .	2º trimestre
Excursión a Vigo	Visita ao MARCO, Museo Quiñones de León, Fundación Abanca. Alumnado 4º ESO de EPVA.	2º trimestre
Excursión a Santiago de Compostela	Visita á Cidade da Cultura e á exposición Galica Futura, visita á Fundación Granell e percorrido polo Casco Histórico Alumnado 4º ESO de EPVA.	2º trimestre
Charlas conferencias	Alumnado de 1º e 2º de Bacharelato de Artes.	Ao longo de todo o curso, en función da dispoñibilidade dos conferenciantes.

Plan lector

O Departamento de Debuxo ten integrado no desenvolvemento da súa actividade ordinariaa promoción da lectura e o coñecemento e uso dos libros. En todas as aulas específicas (volume, taller, técnica e cabaletes) hai de xeito habitual libros de consulta ou publicacións relacionadas coa arte. De xeito habitual fanse sesións con libros, comentando as súas características, autores, etc. Dentro da materia de Deseño en 2º de bacharelato, na parte correspondente ao deseño gráfico profundízase no coñecemento dos libros dende o punto de vista técnico e estético.

No seguinte listado aparecen os libros recomendados para o alumnado nas distintas materias e niveis:

1º de ESO - Educación plástica, visual e audiovisual**CONTOS DE MEDO** (tamén para 3º e 4º de ESO)

VARIOS AUTORES

Editorial: TrisTram, 2005

CONTOS DE NOVA YORK (tamén para 3º e 4º de ESO)

O HENRY

Editorial: TrisTram, 1997

CONTOS (tamén para 3º e 4º de ESO)

EDGAR ALLAN POE

Editorial: TrisTram, 1996

3º e 4º de ESO - Educación plástica, visual e audiovisual**CONTOS DE PINTURA**

VARIOS AUTORES

Editorial:TrisTram, 1997

EL COMIC Y EL ARTE SECUENCIAL

WILL EISNER

Editorial: Norma, 1998

Fundamentos da Arte

HISTORIA DEL ARTE

ERNST GOMBRICH

Editorial: Alianza editorial, 1992

LEER LA PINTURA

NADEIJE LANEYRIE-DAGEN

Editorial: Larousse, 2013

EL ARTE, CONVERSACIONES IMAGINARIAS CON MI MADRE

JUANJO SAEZ

Editorial: Reservoir books, Random House Mondadori, 2006

¿QUÉ ESTAS MIRANDO? 150 AÑOS DE ARTE MODERNO EN UN ABRIR Y CERRAR DE OJOS

WILL GOMPERTZ, 2013

Editorial: Taurus, 2013

EL ARTE EN LA HISTORIA

MARTIN KEMP

Editorial: Turnes publicaciones, 2015

LA AGONÍA Y EL ÉXTASIS

IRVING STONE

Editorial: El País, 2005

PINTURA Y VIDA COTIDIANA EN EL RENACIMIENTO

MICHAEL BAXANDALL

Editorial: Gustavo Gili, 2000

Volume

ALTCOMIC, UNA APROXIMACIÓN A LA ARQUITECTURA

ANGEL LUIS TABERNERO

Editorial: Ilus Books, 2014

LAS TÉCNICAS ARTÍSTICAS

CORRADO MALTESE (COORDINADOR)

Editorial: Cátedra (Manuales arte Cátedra), 1990

LA ESCULTURA, PROCESOS Y PRINCIPIOS

RUDOLF WITKTOWER

Editorial: Alianza, 1997

Debuxo artístico

SOBRE EL DIBUJO

JOHN BERGER

Editorial: Gustavo Gili, 2011

DIBUJO, PERFECCIONAR EL LENGUAJE DE LA EXPRESIÓN VISUAL

KEITH MICKLEWIGHT

Editorial: Blume, 2006

DIBUJAR SIN MIEDO

KERRY LEMON

Editorial: Promopress, 2015

FIGURAS HUMANAS, DIBUJO AL NATURAL. Clase de dibujo

EDDIE ARMER

Editorial: Hispano europea, 2015

DIBUJAR, TRUCOS TÉCNICAS Y RECURSOS PARA LA INSPIRACIÓN VISUAL

HELEN BIRCH

Editorial: Gustavo Gili, 2015

DIBUJO A TINTA, ARTISTAS CONTEMPORÁNEOS, TÉCNICAS TRADICIONALES

JAMES HOBBS

Editorial: Gustavo Gili, 2016

LAS TÉCNICAS ARTÍSTICAS

CORRADO MALTESE (COORDINADOR)

Editorial: Cátedra (Manuales arte Cátedra), 1990

TÉCNICAS Y MATERIALES DEL ARTE (Los diccionarios del Arte)

ANTONELLA FUGA

Editorial: Mondadori Electa, 2004

DIBUJAR, TRUCOS TÉCNICAS Y RECURSOS PARA LA INSPIRACIÓN VISUAL

HELEN BIRCH

Editorial: Gustavo Gili, 2015

DIBUJO A TINTA, ARTISTAS CONTEMPORÁNEOS, TÉCNICAS TRADICIONALES

JAMES HOBBS

Editorial: Gustavo Gili, 2016

Cultura audiovisual

UNHA (BREVÍSIMA) HISTORIA DO CINE

PEPE COIRA

Editorial: Xunta de Galicia(colección Andel), 2001

AS CATRO VIDAS DUNHA PELÍCULA

XOSÉ A. COIRA NIETO

Editorial: Xunta de Galicia(colección Andel), 1995

LA SINTAXIS DE LA IMAGEN

DONIS A. DONDIS

Editorial: Gustavo Gili, 1985

HISTORIA DE LA FOTOGRAFÍA

MARIE-LOUP SOUGEZ

Editorial: Ediciones Cátedra (Cuadernos arte Cátedra), 1988

LA FOTOGRAFÍA COMO DOCUMENTO SOCIAL

GISÈLE FREUND

Editorial: Gustavo Gili, 1993

ARTE Y FOTOGRAFÍA

AARON SCHARF

Editorial: Alianza editorial (Alianza Forma), 1994

LECCIONES DE CINE. CLASES MAGISTRALES DE GRANDES DIRECTORES EXPLICADAS POR ELLOS MISMOS.

TIRARD, L.

Editorial: Paidós, 2003

Diseño

EL ARTE COMO OFICIO

BRUNO MUNARI

Editorial: Idea books, 2005

DISEÑO: HISTORIA, TEORIA Y PRACTICA DEL DISEÑO INDUSTRIAL

BERNHARD E. BÜRDEK

Editorial: Gustavo Gili, 1994

DISEÑADOR/CIUDADANO

MILTON GLASER

Editorial: Gustavo Gili, 2014

Grupos por materias, niveis e horas lectivas do departamento.

Materia, nivel e modalidade	Grupos	Horas
Educación plástica, visual e audiovisual de 1º de ESO	3	6
Educación plástica, visual e audiovisual de 3º de ESO	3	6
Educación plástica, visual e audiovisual de 4º de ESO	1	3
Debuxo técnico I de 1º de Bacharelato da modalidade de Ciencias	1	4
Debuxo artístico I de 1º de Bacharelato da modalidade de Artes	1	3
Volume de 1º de Bacharelato da modalidade de Artes	1	3
Cultura audiovisual I de 1º de Bacharelato da modalidade de Artes	1	4
Fundamentos da arte I de 1º de Bacharelato da modalidade de Artes	1	4
Debuxo técnico II de 2º de Bacharelato da modalidade de Ciencias	1	4
Debuxo artístico II de 2º de Bacharelato da modalidade de Artes	1	3
Deseño de 2º de Bacharelato da modalidade de Artes	1	4
Cultura audiovisual II de 2º de Bacharelato da modalidade de Artes	1	4
Fundamentos da Arte II de 2º de Bacharelato da modalidade de Artes	1	4
Total	17	52

Membros do departamento de Debuxo e distribución das horas lectivas e reducións.

Marta Outeiriño GallegoProfesora definitiva	
1º ESO.....Educación plástica, visual e audiovisual.....	6 horas
1º Bacharelato.....Debuxo Artístico I.....	3 horas
1º bacharelato.....Fundamentos da Arte I.....	4 horas
2º bacharelato.....Debuxo Artístico II.....	3 horas
2º bacharelato.....Fundamentos da Arte II.....	4 horas
Total.....	20 horas

Laura García CoutoProfesora en expectativa de destino tras aprobar as oposicións 2021	
3º ESO.....Educación plástica, visual e audiovisual.....	6 horas
4º ESO.....Educación plástica, visual e audiovisual.....	3 horas
1º bacharelato.....Cultura Audiovisual I.....	4 horas
2º bacharelato.....Cultura Audiovisual II.....	4 horas
Total.....	17 horas

Xoán Carlos Fernández Ameal	Profesor definitivo e xefe do departamento
1º bacharelato.....	Volume.....3 horas
1º bacharelato.....	Debuxo técnico I.....4 horas
2º bacharelato.....	Deseño.....4 horas
2º bacharelato.....	Debuxo técnico II.....4 horas
(Reducción Xefatura Departamento.....	2 horas)
(Reducción Axuda Secretaría do IES.....	2 horas)
	Total..... 15 (+4) horas

Total horas lectivas departamento52 (+4) horas

Setembro de 2021

O xefe do departamento: Xoán Carlos Fernández Ameal